MANUEL
REIMONDEZ
PORTELA



# CRUCEIROS E CRUCES
## DO NORDESTE
## DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

# INTRODUCCION

A grande incógnita que representa o futuro impediunos considerar, nin sequera remotamente, a posibilidade de que un traballo tomado ó principio só coma un pasatempo (iso si, moi sentido e cheo de ilusión) nos levase algún día, pasados os anos, á publicación dun libro que recollese o que pouco a pouco foi facéndose material, con afán e desvelo.

Xurdiunos hai anos a idea de catalogármo-los cruceiros de A Estrada, encirrado pola precaria e ás veces catastrófica situación na que se atopan moitos deles e, sobre todo, ante a evidencia comprobada da desaparición efectiva dalgúns deles, estragados polos máis diversos medios ou sometidos ó abandono e á insidia de todos.

Postos ó labor, recolléronse as fotografías dos 103 cruceiros existentes na Estrada; ampliáronse concretando nelas os datos máis rechamantes, designándolles cadanseu número acompañado dunha ficha cunha descrición o máis ampla posible.

Coidando daquela que debera darse a coñece-lo traballo a prol da concenciación colectiva polos nosos cruceiros —en sendo unha postura egoísta pola nosa parte o silenciármolos— colocáronse en cartolinas (fotografías e datos) e espuxéronse por primeira vez no Centro de Iniciativas e Turismo da Estrada, con letreiros alusivos ós mesmos de frases pronunciadas por Castelao, e uns folletos nos que se tentaba facer unha chamada de atención por causa do seu abandono. Con isto coidabamos ter cumplida unha grata misión.

Pero a continuación a Exposición pasou ó Museo do Pobo Galego de Santiago; e máis tarde ós Museos de Lugo, ó Quiñones de León en Vigo, ó Museo

de Pontevedra e, ultimamente e no ano 1981, no Salón Cotolengo da "Hermandad Gallega" de Caracas.

Animados ante a boa acollida do traballo, propuxémono-la tarefa de seguir recollendo fotografías e seguir estudiando os cruceiros dos Concellos de Forcarei, Cerdedo, Lalín, Silleda, Vila de Cruces, A Golada, Dozón e Rodeiro, quedando así recopilados os dunha terceira parte da superficie da provincia de Pontevedra.

Finalizado o traballo, foi presentado a un dos Concursos Anuais da Excelentísima Diputación Provincial (1981), sendo premiado. A tal Concurso non foron presentados os cruceiros da Estrada xa que as bases do mesmo esixían que o traballo fose inédito, e os deste Concello xa se tiñan dado a coñecer varias veces.

De cando en vez, en conversas con amigos, saía nas mesmas o asunto dos cruceiros, e algún deles insinuábame a súa publicación coa finalidade de os dar a coñecer e de levarmos ó ánimo doutras persoas con semellantes inquedanzas, outras aportacións ó mesmo tema, do xeito que estes nosos poderían contribuir ó ambicioso proxecto dunha catalogación xeral da nosa riqueza galega en cruceiros.

Evidentemente, a publicación de calquera libro entra dentro dunha problemática, ás veces insuperable, que a todos nos alcanza; pero esta idea aloumiñada desde hai anos, faise agora realidade sobre todo polo gran interés que por estes temas tomou D. José Carlos Valle Pérez, gran entendido na materia, e tamén ó apoio que por todo tema cultural sente o Presidente da Excma. Diputación Provincial de Pontevedra, D. Mariano Rajoy Brey, deixándolles aquí reflexado o meu agradecemento.

## ACLARACION E XUSTIFICACION DUN TRABALLO

Este traballo foi presentado o Concurso de Cultura (Tema Libre) da Excelentísima Diputación Provincial en 1981 (en castelán) e queremos deixar aclarado que naquel caso empregamos decote a palabra "cruceiro", xa que en ningún diccionario demos atopado o término "Crucero" como sinónimo das nosas cruces outas de pedra como diría Castelao. Deciamos alí tamén que persoas mais entendidas dixeronnos que en definitiva pro caso "cruceiro - crucero" eran sinónimos; ainda que así sexa paresceunos mais definitoria a palabra cruceiro que en caso ningún nos leva ó equivoco e encontrase sobradamente refrendada polo pobo da nosa terra.

No seu Diccionario, Marcial Valladares dinos: "Cruceiro: Cruz grande de madera o piedra que suele colocarse en encrucijadas, en sitios por donde hayan de pasar cadáveres, o en un punto donde desgraciadamente murió una persona." Nalgún sitio do Sur de Francia vimos algún cruceiro de ferro. Aclaramos ademáis que damos a coñecer neste estudio tamén, as cruces altas ou outas de pedra que non teñen algún dos elementos clásicos do cruceiro —moitas veces o capitel— entendendo da súa gran semellanza e o seu mesmo sentido, así coma o seu interés etnográfico.

O traballo foi premiado pola Excma. Diputación, cando foi presentado, como deixamos dito no ano 1981, mais nel non estaban incluidos os cruceiros do Concello da Estrada, xa que o traballo tiña que ser "inédito" e os cruceiros da Estrada xa se tiñan mostrado en público mais dunha vez. Desexamos que sexa útil, ou cando menos, que sirva pra comenzar unha toma de concencia sobre este tema que atinxe a unha faceta esquecida da nosa arte da pedra tan popular.

O coidado do estudio e conservación do acervo artístico herdado é consustancial coa nosa natureza, e obrigado deber de cantos se sintan solidarios coa nosa historia. Coidamos que os cruceiros teñen peso específico de sobra para seren tratados como monumentos artísticos polos seus caracteres específicos.

O home, dentro das súas infindas posibilidades de creación, constrúe a cotío con amor e afán de superación, obras que somete cada vez a maores esixencias de perfección, sen decatarse que unha inmensa forza negativa de destrucción, como é o tempo, encargarase de borrar canto el creou con sacrificio e ilusión.

As dificultades todopoderosas que impoñen sen contemplación as forzas da naturaleza, xunto coa eternidade do tempo, non están soas para borrar obras materiais, aínda que elas fosen construidas (coma neste caso), coa pedra galega do millor granito, presente nos nosos cruceiros; estes vense ademais combatidos pola "desidia" de moitos dos nosos semellantes cando non por noxentos motivos de cartos.

Só ben poucos, por certo, sentimo-lo afán (nalgúns irrefrenabre), de loitarmos encontra dese deterioro natural e persoal defendendo canto forma parte das nosas ancestrais raíces históricas. Estes cruceiros que coa súa boca pechada fálannos en linguaxe artística de formas... e espacio de liñas... e curvas... de arte traducida en sentimentos.

Esas tallas en pedra nas que o creente ve sintetizado todo o sublime misterio da súa entrañable relixión... e quen non cree ademira tamén a obra de fría pedra feita arte desnuda de simbolismos.

E evidente e seguramente lóxico que os estudiosos se ocupen primordialmente das grandes obras de arte para o seu estudio, conservación e divulgación; así están as clásicas pinturas, esculturas e os grandes ou pequenos templos, así como infinidade de monumentos. Deixamos nun segundo plano de interés, aqueloutras obras de menor volume físico, con menor releve e non por iso menos importantes, pois a escala comparativa de valores pode non ser equiparable.

Estamos falando por suposto, de cruceiros e mais concretamente dos cruceiros ós que se refire o título deste traballo, todos sometidos á grande desventaxe que supón para o seu estudio, co recordo e coñecemento da gran dispersión en que se atopan, contrarrestada noutro orde de cousas pola beneficiosa contrapartida de ver sementada a nosa xeografía de obras de arte propias, dando valor moitas veces a perdidas aldeas das que hai que falar gracias o contido do seu valor artístico positivo en forma de cruceiro, moitas veces mais importante cá súa mesma igrexa parroquial (artísticamente falando), moderna ou modernizada lamentablemente.

A súa difusión e heteroxeneidade réstanlle unidade e gran impacto, mais ningún pode negar que sumados forman un corpo artístico evidente, con presencia física destacada e tamén cun sentimental significado do maior valor, que lle dá a súa razón de ser.

Dentro da xustificación deste traballo queremos salientar primordialmente que a catalogación e estudio dos nosos cruceiros considerámola como tarefa non só necesaria senón tamén da maior urxencia... moi urxente, xa que "cada día" desaparece un cruceiro polos motivos que teremos ocasión de espoñer, deste xeito vaise unha obra de arte irremprazable e un símbolo dunha época pasada que non se repetirá.

Xustifícase tamén o motivo deste traballo porque o especial sentido da expansión do cruceiro en Galicia hai tempo que pasou. Lentamente fomos discorrendo da era do cruceiro cargado de sentimentos relixiosos a un semiesquecemento e abandono para chegarmos a ver como hoxe se construen e erguen cruceiros soamente irmandados con aqueles polo seu parecido físico. Moitas razóns existen e xustifican que se deba facer un catálogo dos nosos cruceiros anque só sexa por tratarse dunha riqueza tan manifesta... dunha arte popular que sen ser privativa de Galicia posúe entre nós gran densidade e variedade. Tamén é válido o coñecido axioma de que dificilmente podemos querelos e protexelos se non os coñecemos, é tamén preciso o coñecemento global e o individual para poder sintetizar e analizar e situarse en condicións de dar a coñecer

para que otros poidan chegar a senti-los nosos mesmos impulsos de protección e sentido de responsabilidade; mais poñer en evidencia dunha forma clara que o motivo polo que se erixiron estos cruceiros, ó menos as súas motivacións sentimentais case desapareceron para formar parte da nosa historia e da grata ilusión das nosas ricas lendas.

O quedaren fotografiados deixamos un testemuño fidedigno, real, da súa cantidade, estado de conservación, etc., así como da súa situación, reseñada con cada un, situados nestes tempos que corremos, servindo sempre desta maneira para facer historia, mostrando ademáis a realidade sentimental duns séculos xa pasados.

Finalmente, quedaría xustificado en todo caso o estudio dos cruceiros, se con el se consigue unha tan necesaria concenciación, anque sexa mínima, a nivel popular. E precisa unha información cultural popular para que todos comprendamos canto valor ten esta parte dunha herdanza que nos tocou disfrutar.

Comprobamos que os cruceiros desaparecen con moita frecuencia por moitas causas: tirados e rotos por moitos motivos (pas escavadoras, coches, carros, tractores...), caído pola inclemencia do tempo, con forte vento, rotos a propósito por mozotes inconscientes e persoas maores bébedas, ou non. Outros caeron en mans iracundas en 1936, cando non foron roubados calquera noite, retirados por obras (a veces da Concentración Parcelaria) e non se ergueron xa mais, nalgunha ocasión foron vendidos e noutras evitada a venda ó político ou persoa adiñeirada, polo celo, positivo nesta ocasión, dos veciños.

A este respecto podemos xeneralizar concluindo que os veciños case que non atenden para nada os seus cruceiros (hai por suposto, plausibles excepcións), que deixan abandonados a súa triste sorte, pero frente a esta postura lamentable contamos co importante factor positivo e paradóxico do sentido de propiedade que lle teñen impedindo sempre que se vendan ou simplemente que se trasladen de sitio.

E moito de desexar que a administración dunha forma pragmática se decida a protexe-los cruceiros e tamén a formación de entidades a propósito... "Amigos dos Cruceiros", por exemplo.

## XENERALIDADES E PUNTUALIZACIONS NECESARIAS

Os antecedentes que tiñamos de ter feita unha recopilación e estudio dos 100 cruceiros da Estrada e a acollida prestada á súa presentación en exposicións, animanos, así como ademais a posibilidade de que algún día se puidese recoller (con modificación e engadidos) nunha publicación de carácter divulgativo que espallase cultura ó pobo, sobre os cruceiros.

Está claro que o antecedente estradense supúxonos un oficio que nos axudou grandemente no resto desta tarefa, mais de calquera xeito, foi moi grande o traballo que representou para unha soa persoa levar adiante toda a mecánica e problemática dunha zona tan extensa (1.460 $Km.^2$), correspondente a nove concellos da provincia con abundante densidade de cruceiros e gran variedade dos mesmos. Confesamos honradamente que ó contemplar un mapa provincial ilusionouno-la idea de trazar unha liña recta que afastase ese "corno" oriental de Pontevedra deixando completo o estudio de todolos seus cruceiros.

Desta maneira recollemos todolos cruceiros que existen nos concellos que se citan, entendendo como tales tamén as cruces outas de pedra segundo deixamos aclarado noutro lugar.

Estivemos ó pé de cada un deles (nalgúns casos duas ou mais veces), fotografiamos persoalmente un a un e tomamo-las notas que aparecen ó pé das fotografías que presentamos nas exposicións, facendo ademáis o traballo de revelado, positivado, ampliado, etc. Pedimos benevolencia por canto se refire a esta faceta fotográfica por termos tan só uns rudimentarios coñecementos de fotografía. Dispoñemos dos negativos para calquera comprobación ou estudio posterior.

Unha aclaración necesaria é que este traballo non representa un catálogo ou unha recopilación, anque con todo, algo disto tamén é, trátase evidentemente dun estudio sistemático (non por suposto exhaustivo) dos cruceiros detallados onde se dan datos orientativos da situación e descriptivos xerais ademáis dos de detalle. Aí radica o estudio comparativo dos mesmos que pode ter fins estadísticos, pero tamén matices instructivos de toda índole.

Un cruceiro é (en parte) coma unha persoa, tan iguais e tan diferentes (ainda que sexan xemeos), sempre haberá matices físicos que os diferencien e por suposto o alento que lles dou vida o pulo que os soergueu ó rango de testimuños perpetuos.

Quen coide que coñece un cruceiro empregando soamente o corporal sentido da vista, lévase del tan só unha visión parcial e física cativa, pero xamais a súa esencial razón de ser.

E forzoso que moitos datos se repitan, pero outros son novos ou pouco comúns e algún, para nós inédito, como sucede cos capiteis dos cruceiros de Agolada e un de Parada - Cerdedo, que detallaremos no seu momento, ou co achado dun cruceiro (Piloño-Vila de Cruces) no que vemos excepcionalmente a cabeza de Cristo Crucificado descansando recostado sobre o seu ombreiro esquerdo, etc.

## OS CRUCEIROS

Non se pode dar un paso en materia de cruceiros sen coñecer *"As cruces de pedra na Galiza"*, evidentemente, Castelao deixounos un estudio maxistral que segue en vigor con matizacións; sentímonos pequenos se escribimos sobre cruceiros tendoo na memoria.

E forzosa que en ocasións esteamos falando por boca de Castelao, pedimos disculpas se non o citamos reiteradamente por esquecemento, cando mentalmente esteamos copiando da súa gran lección. Igoal falaríamos do seu libro *"As cruces de pedra na Bretaña"* e das demais publicacións que citaremos na bibliografía. Para un resume sobre cruceiros moi ben logrado debemos le-lo escrito por Xosé Carlos Valle Pérez na Gran Enciclopedia Gallega; este autor moi documentado sobre o tema sendo ademais autor dun traballo sobre os cruceiros na parroquia de Mourente, fainos unha descripción sobre a sua orixe, expansión, iconografía, aspectos etnolóxico-folklóricos, etc., ademais dunha importante bibliografía.

Non é obxetivo deste traballo entrar no estudio documentado sobre o tema cruceiros, nin forma de cruces, as súas orixes, a súa introducción en Galicia referida á cruz outa, nin se viñeron e se espallaron seguindo o Camiño de Santiago, polos pelengrins ou dende a Bretaña, polo mar.

Gústanos lembrar que os cruceiros son "ideas do pobo en pedra"... "a mais puxante revelación da nosa espiritualidade..." ou que "subiu unha oración ó Ceo... e baixou un perdón"..., etc.

Tampouco podemos resisti-la tentación de falarmos someramente da súa densidade que se pensa que é maor na costa ca no interior, lamentamos non

poder facer comparacións xa que desconocemo-la densidade efectiva e estadística dos cruceiros na costa galega, xa que tan só coñecemo-la destes nove Concellos interiores dos que as súas densidades comparativas cos da costa podemos dicir que non se poden tirar conclusións, pero si podemos tiralas (nestes Concellos) decindo que a proporción de imaxes, cando menos e favorable ós cruceiros situados nos Concellos menos metidos no interior. Isto fainos supoñer que o maior poder económico dos pobos menos internados, permitiulles construir mellores cruceiros ou polo menos mais costosos. ¿Non podería ser esta tamén a explicación da meirande densidade de cruceiros cara á costa?

Está claro que un cruceiro é un monumento relixioso dun grande valor etnolóxico, que polo camiño que fose poboou abundantemente a nosa terra, sobre todo a partir do século XV no que as grandes preocupacións relixiosas, o medo á morte e ó castigo eterno favorecen a predicación das ordes mendicantes, prendendo nas xentes o temor ó "Deus Irae", máxime cando baixaban as grandes pandemias levando vidas a eito, creando así un clima propicio á exaltación relixiosa.

Favoreceu esta expansión o poder da-los nosos canteiros cun material de construcción "bondadoso" (o granito galego), que tendo consistencia, deixase traballar doadamente e por suposto tamén o espíritu emprendedor e artístico dos nosos mencionados "canteiros"... os anónimos traballadores e artistas.

Non pase vostede ó pé dun cruceiro con indiferencia, pois está diante dun recordo vivo dunha petición que encerra unha mensaxe ergueita coa meirande ilusión.

Segundo quen o mire, un cruceiro sempre é para admirar, ainda que para algúns non sexa para adorar. Os cruceiros forman parte por méritos propios do noso entorno cultural.

Como tantas outras obras humáns producto de irreprimible acto sentimental, pasan polas súas fases de alto e baixo e nese eixo de abscisas e ordenadas, estamos agora nun punto moi baixo do que pensamos que non se pode sair, xa que os tempos mudaron en canto a motivacións polas que foron ergueitos aqueles.

## O NOSO TRABALLO

Despois das anteriores apreciacións xerais e datos abstractos na súa meirande parte que consideramos necesarios para enfocármo-lo tema, chegamos á parte concreta do noso traballo.

Estudiámo-los cruceiros dos Concellos que referimos a continuación por orde alfabética, indicando ó mesmo tempo a superficie de cada un, o número de cruceiros que rexistran e a densidade.

| | | | |
|---|---|---|---|
| A ESTRADA ........................ | 281,80 Km.$^2$ | 100 cruceiros | 0,34/Km.$^2$ |
| CERDEDO ........................... | 80,00 Km.$^2$ | 38 " | 0,43/Km.$^2$ |
| CRUCES (VILA DE) ............ | 147,10 Km.$^2$ | 21 " | 0,15/Km.$^2$ |
| DOZON .............................. | 57,50 Km.$^2$ | 14 " | 0,28/Km.$^2$ |
| FORCAREI ......................... | 167,70 Km.$^2$ | 20 " | 0,12/Km.$^2$ |
| GOLADA (A) ...................... | 102,80 Km.$^2$ | 39 " | 0,38/Km.$^2$ |
| LALIN ................................ | 297,80 Km.$^2$ | 50 " | 0,16/Km.$^2$ |
| RODEIRO ........................... | 166,60 Km.$^2$ | 18 " | 0,10/Km.$^2$ |
| SILLEDA ........................... | 158,70 Km.$^2$ | 22 " | 0,13/Km.$^2$ |
| | 1.460,00 Km.$^2$ | 322 cruceiros | |

| | |
|---|---|
| Extensión da provincia de Pontevedra .. ... ... ... ... | 4.330,00 Km.$^2$ |
| Extensión da zona estudiada. ... ... ... ... ... ... ... ... | 1.460,00 Km.$^2$ |

Quer decir, que queda estudiada algo máis da terceira parte da provincia de Pontevedra, en superficie.

OCEANO ATLANTICO

# PROVINCIA DE PONTEVEDRA




## SIGNOS CONVENCIONALES

| | |
|---|---|
| Capital de provincia | Estación de servicio |
| Partido judicial | Iglesia de interés artístico |
| Ayuntamiento | Castillo |
| Aldea | Monasterio |
| Límite de nación | Ruinas |
| Límite de provincia | Curiosidades |
| Límite de partido judicial | Parador |
| Carretera nacional | Balneario |
| Carretera comarcal | Camping |
| Carretera local | Pesca |
| Ferrocarril y estación | Faro |
| Numeración de carretera | Aduana |

# ESTUDIO DOS CRUCEIROS
# DO
# CONCELLO DA ESTRADA



# Cruceiros do Concello da Estrada

Pertenece o Concello da Estrada á antiga Terra de Tabeirós, a Comarca, Coto ou Xurisdicción de "Tabeirolos"; é cabeza de Partido Xudicial que forma coas parroquias dos Concellos de Forcarei e Cerdedo, na Terra de Montes. Limita con Silleda e Forcarei polo Leste; polo Sur con Cerdedo e Campo Lameiro; polo Oeste con Cuntis, Valga e Pontecesures, e polo Norte co río Ulla en toda a súa extensión cos Concellos de Boqueixón, Vedra e Teo.

Tén A Estrada unha extensión superficial de 281,80 $Km.^2$, e constitúe un dos meirandes concellos rurais, composto por 51 parroquias. No seu territorio érguense na actualidade 100 cruceiros, o que representa unha densidade de 0,34 por $Km.^2$, ou sexa, 3,4 cruceiros por cada 10 $Km.^2$.

Con esta proporción, queda situado este concello no terceiro lugar en canto á densidade de entre os nove que estudiamos.

Amais da importante densidade de cruceiros tén de particular a riqueza de figuras que se representan, xa que deses 100 catalogados, 74 deles teñen preciosas imaxes no anverso e reverso, ademais de numerosos signos de Paixón, "petos de ánimas", etc.

Case non hai unha parroquia sen cruceiro e algunhas teñen varios, coma Pardemarín, con seis. Ultimamente ergueuse algún que outro cruceiro, pero en xeral trátase de monumentos elevados máis ben coma un mero adorno, carecendo polo tanto da esencial motivación pola cal se erixiron os estudiados aquí.

## DATOS MAIS IMPORTANTES

Analizaremolos destacando os datos de cada un:

PLATAFORMA OU BASE.—A base ou gradas da plataforma é unha das partes esenciais destes monumentos; son 80 os cruceiros que presentan escaleiras na súa base, distribuídos así: 15 cun paso, 22 con dous pasos, 25 con tres pasos, 15 con catro pasos e 3 con cinco pasos. Carecen de plataforma: 3 de Pardemarín (en Castrelo de Abaixo, O Mesadoiro e Parada), en Riobó (campo de San Martiño), Santeles (adro da igrexa), Souto (preto da igrexa); 2 en Vinseiro, outro en San Xorxe de Vea, en Paradela (o do monte), etc. Todos estes en xeral teñen como base, en sustitución dos pasos, algunha pena das máis irregulares formas.

MESAS.—Son sete os cruceiros da Estrada que presentan nestes tempos unha mesa adosada ó capitel ou separada del, entre eles están os de San Miguel de Barcala, Aguións, Moreira (o do cemiterio), Ouzande (detrás da igrexa), etc.

PEDESTAL.—Son numerosos os cruceiros que teñen pedestal, 94 en total, nos que resalta o tipo de figura xeométrica cúbica biselada ou non (53 cruceiros con este formato), 27 son cuadrangulares, xeralmente máis anchos ca altos. Sete teñen forma de pirámide cuadrangular, troncular e cinco son redondos. Algúns teñen por pedestal unha simple peza cónica irregular (S. Pedro de Ancorados, Ventosela, Guimarei, etc.).

Pero é interesante que bastantes deles levan inscripcións ou figuras da Paixón, coma tal en Toedo, en Vea (San Andrés, cemiterio), San Xiao de Vea, Ribeira, etc., e algúns deles, como xa diremos, teñen o seu "peto de ánimas" no pedestal.

O VARAL (OU COLUMNA).—É evidente o gran predominio da forma octogonal na sección das súas columnas, xa que son 64 as que aparecen desta forma. Outras 17 son de sección redonda e lisa, unha é redonda estriada, duas de figura cadrada biselada —é dicir, cos bordes romos—, e tres de forma hexagonal.

Practicamente todas elas comenzan de forma cuadrangular e xeralmente rematan da mesma forma para recibi-lo capitel.

Moitas delas teñen imaxes ou signos da Paixón ou algunha inscrición: o da carballeira de Codeseda, con dúas imaxes na columna; o do adro da igrexa de Ouzande, con outras dúas imaxes; o de Parada de Pardemarín, con signos da

Paixón; os dous cruceiros de Ribeira teñen unha imaxe no fuste da columna; o de Otero de Riobó, tamén leva unha imaxe, así como o de Renda en Santeles; o do lugar de Godoi da mesma parroquia leva un cáliz e hai un que presenta as Táboas da Lei: o do lugar de O Pazo desta mesma freguesía. Outros varios levan imaxe na columna: en Toedo, A Somoza, San Andrés e Santa Cristina de Vea, Vinseiro, etc., etc. A columna máis adornada con signos da Paixón de tódolos cruceiros que estudiamos é, sen dúbida ningunha, a do cruceiro do campo de baile de Vinseiro, a carón da igrexa parroquial.

CAPITEL.—A meirande parte dos cruceiros que teñen figuras ou imaxes levan tamén capitel, xa que soamente demos atopado dous cruceiros nos que a columna terma da cruz directamente. Por suposto, as cruces altas de pedra, tamén aquí descritas, ó carecer de imaxes tampouco teñen capitel.

Entre os estudiados, atopamos unha maioría (59) de forma troncopiramidal cuadrangular; outros 37 presentan forma cuadrangular e dous cilíndrica. Cómpre facermos notar que moitos deles empezan cilíndricos para seguir rectangulares ó recibiren a cruz.

Dous cruceiros non presentan capitel, pero sí teñen imaxes.

En xeral, os capiteis son moi ricos en adornos, sobre todo volutas ou follas de acanto (19), con anxos, querubíns en cadansúa cara da sección cadrada do capitel hai 35, e un con querubíns nos ángulos.

CRUZ.—As cruces presentan diversas seccións e moitas veces levan bonitos adornos. Encontramos 35 cruces de sección cadrada con bordes romos, 18 de sección octogonal, 22 de sección cuadrada e outras 17 de sección redonda espiñenta, outras 6 de sección redonda lisa e unha de sección redonda estriada (no lugar de Renda, en Santeles).

Amais das seccións destas cruces, as súas terminacións son en xeral moi variadas, como quedarán reflexadas oportunamente.

ANVERSO.—Son 63 os cruceiros que presentan a imaxe de Cristo crucificado no anverso da cruz, e existen tres cruceiros que tamén levan nesta parte outras imaxes: Adán e Eva e a Serpe: o pecado orixinal (en Castro); un cáliz en Lamas; no Foxo (Rubín), soamente presenta a imaxe da Dolorosa cunha espada, con toda seguridade debido a que caeu a cruz e só se conservou esta imaxe. Nas representacións de Xesús Cristo na cruz, dámo-los seguintes datos: en 59 casos os seus pés están cravados cun só cravo, o pé dereito sobre o esquerdo.

A cabeza aparece inclinada cara á dereita en 45 ocasións, e cara a adiante en 10 casos; ergueita e mirando ó frente en 4 casos.

Con coroa de espiñas aparece en 33 casos. Puidera haber algún exemplar máis, xa que ás veces o deterioro da imaxe non permite asegurar que presenta a coroa de espiñas.

No tocante ás mans, aparece con elas abertas en 34 casos, con elas pechadas en 17 casos e a medio pechar en 8 ocasións. Co dedo indicador e co polegar extendidos e cos outros pechados (bendicindo) en 4 casos. Presntan a inscrición I.N.R.I., 40 cruceiros.

Curiosamente, no cruceiro da igrexa de Orazo aparece coa man dereita aberta (perdoando) e a esquerda pechada (sinal de poder e xusticia divina). O cruceiro da igrexa de Ouzande presenta a man dereita pechada e a esquerda co dedo indicador soamente extendido (acusando). Tamén mostra os dedos bendicindo en Riobó, San Andrés e San Xorxe de Vea.

REVERSO.—O reverso das cruces con imaxe, presenta a iconografía da Dolorosa ou a Virxe María orando en 42 ocasións. Representando a Nosa Señora das Angustias aparece en 29 ocasións; leva coroa 16 veces —sosténdoa unha peaña en 9 casos—, con querubíns, xeralmente un ou tres, en 39 casos; con anxos termándolle da coroa 9 veces; a Ascensión da Virxe, unha, e un reverso con outra imaxe en dúas ocasións; en Callobre (igrexa), un cáliz e a Hostia, e en Vinseiro (no monte Pedreiras; forma parte dun Vía Crucis) un sol e unha lúa.

Algunhas imaxes son riquísimas en matices, o que nos fai supoñe-lo gran traballo do canteiro. Por exemplo, aqueles que presentan anxos a cada un dos brazos horizontais da cruz termándolle da coroa á Virxe (en Aguións, Agar —xunto á escola—, no adro de Oca, na igrexa de Rubín, no lugar de Godoi-Santeles..., en Santa Cristina de Vea: lugar da Panadería, capela de Nosa Señora de Aránzazu, etc. A Dolorosa con espadas cravadas no peito, en Rubín, Lagartóns, Ríbeira.

MOTIVOS DA PAIXON.—Temos repartidos por estes cruceiros moitos signos da Paixón, que serán reseñados no estudio de cada ún.

Un con Adán e Eva, 9 con caveira, un con cáliz, 5 con columna, un con coroa de espiñas, 5 con costelas, 9 con cobra ou serpe, 5 con escada, 7 con tralla, 4 con galo, un con hisope, 9 con lagarto, 7 con lanza, 7 con man, 6 con martelo, 2 con sol, 6 cunhas tenaces, 11 coas tibias cruzadas, un con cíngulo, un con ánfora e un cun querubín.

REPARTO DE SITUACIONS TOPOGRAFICAS.—En canto ó entorno en que se atopan situados estes cruceiros, en ocasións é difícil definirse, por se ter modificado o seu primitivo hábitat. Segundo o noso xuicio, veleiquí estes datos:

Derredor das igrexas ou no propio adro das mesmas hai 25 cruceiros; 11 frente a capelas, 6 en cemiterios, 19 en encrucilladas de camiños, ou polo menos que o foron algún día. Algúns máis en montes, pertencendo seguramente a un Vía Crucis, coma por exemplo en Vinseiro.

CARACTERISTICAS PARTICULARES A DESTACAR. — En primeiro lugar, destacariamo-la tan importante densidade de cruceiros deste concello, pero ó mesmo tempo, a calidade, por así dicir, ou as características das súas imaxes, ricas en detalle e polo gran traballo que contrastan ó seu favor ó comparármolas, en términos xerais por suposto, co resto dos cruceiros estudiados e que pertenecen a terras máis adentradas na nosa xeografía, onde a densidade é en xeral menor pero tamén a súa "calidade".

De senlleira importancia son as imaxes do anverso de varios cruceiros coa Virxe María coroada, cos anxos termándolle da coroa e con querubíns ós seus pés.

Moi importantes polo seu significado son os que presentan a Cristo na cruz cos dedos indicador e medio extendidos abenzoándonos, ou aquel (de Ouzande) coa man dereita pechada indicándono-la súa omnipotencia ou poder, e a esquerda co dedo indicador acusándonos; pola contra, son maioría —con moito— as veces nas que aparece coas mans abertas, perdoándonos.

"PETOS DE ANIMAS": Este concello é dos estudiados o que presenta meirande cantidade, en total tres. Como xa deixamos dito, o do fermoso cruceiro que está frente á igrexa de Ribeira, que está perfectamente conservado, ata o punto de que se podería usar como se fixo antano. O do cruceiro de Lagartóns está estragado, así coma o do cruceiro de Vilafruxil, no lindeiro das parroquias de Moreira e Callobre.

Pero non é isto só, xa que na Estrada existen 17 cruceiros con cruz espiñosa, 29 imaxes de Nosa Señora das Angustias, cando no resto dos outros concellos (8) hai soamente 12. Tén 16 imaxes da Virxe con coroa, outras tantas como teñen en conxunto os outros oito concellos xuntos, e na Estrada a Virxe tén 39 cruceiros con querubíns ós pés, frente a 32 no resto dos municipios, sendo así mesmo moi superior tamén o número de pasos nas bases dos cruceiros, algo ó que Castelao daba unha importancia especial.

# CRUCEIROS DO CONCELLO DA ESTRADA

PLATAFORMA DA BASAMENTA:

| | |
|---|---|
| Con un grao ... ... ... ... ... ... ... ... ... | 15 |
| Con dous graus ... ... ... ... ... ... ... ... | 22 |
| Con tres graus . ... ... ... ... ... ... ... ... | 25 |
| Con catro graus ... ... ... ... ... ... ... ... | 15 |
| Con cinco graus ... ... ... ... ... ... ... ... | 3 |

PEDESTAL:

| | |
|---|---|
| Teñen pedestal . ... ... ... ... ... ... ... ... | 94 |
| Pedestal cúbico biselado ... ... ... ... ... ... | 53 |
| Pedestal tronco de pirm. cuadrangular ... | 7 |
| Pedestal cilíndrico ... ... ... ... ... ... ... ... | 5 |
| Pedestal cuadrangular ... ... ... ... ... ... | 27 |
| Pedestal octogonal ... ... ... ... ... ... ... | 3 |

VARAL:

| | |
|---|---|
| De sección cuadrangular ... ... ... ... ... ... | |
| De sección cadrada biselada . ... ... ... ... | 2 |
| De sección cilíndrica ... ... ... ... ... ... ... | 17 |
| De sección circular espiñosa ... ... ... ... ... | 2 |
| De sección circular estriada ... ... ... ... ... | 1 |
| De sección octogonal ... ... ... ... ... ... ... | 64 |
| De sección hexagonal ... ... ... ... ... ... ... | 3 |
| Outras formas ... ... ... ... ... ... ... ... ... | |
| Con imaxes ... ... ... ... ... ... ... ... ... ... | 11 |

CAPITEL:

| | |
|---|---|
| De forma tronco pirm. cuadrang. invertido | 59 |
| De forma cuadrangular ... ... ... ... ... ... | 37 |
| De forma cilíndrica ... ... ... ... ... ... ... ... | 2 |
| De forma ovoidal ... ... ... ... ... ... ... ... | |
| Sen capitel ... ... ... ... ... ... ... ... ... ... | 2 |
| Con volutas, etc. ... ... ... ... ... ... ... ... | 19 |
| Querubíns nas caras ... ... ... ... ... ... ... | 35 |
| Querubíns nos ángulos ... ... ... ... ... ... | 1 |

CRUCIFIXO:

| | |
|---|---|
| Sección cuadrangular ... ... ... ... ... ... ... | 22 |
| Sección cuadrangular biselada ... ... ... ... | 35 |
| Sección circular lisa ... ... ... ... ... ... ... | 6 |
| Sección circular espiñosa ... ... ... ... ... ... | 17 |
| Sección octogonal ... ... ... ... ... ... ... ... | 18 |
| Sección romboidal ... ... ... ... ... ... ... ... | |
| Sección en aspa (X) ... ... ... ... ... ... ... | |

ANVERSO:

| | |
|---|---|
| Cristo crucifixado ... ... ... ... ... ... ... ... | 63 |
| Outra imaxe ... ... ... ... ... ... ... ... ... | 3 |
| Cristo con coroa de espiñas ... ... ... ... ... | 33 |
| Cristo coa cabeza ergueita ... ... ... ... ... | 4 |
| Cristo coa cabeza para a dereita ... ... ... | 45 |
| Cristo coa cabeza para diante ... ... ... ... | 10 |
| Cristo coa cabeza para a esquerda . ... ... | |
| Cristo coas mans abertas ... ... ... ... ... ... | 34 |
| Cristo coas mans pechadas ... ... ... ... ... | 17 |
| Cristo coas mans medio pechadas ... ... ... | 8 |
| Cristo cos dedos abenzoando ... ... ... ... | 4 |
| Cristo con inscripción I.N.R.I. ... ... ... ... | 40 |

REVERSO:

| | |
|---|---|
| Virxe pregando ou Doorosa ... ... ... ... ... | 42 |
| Nosa Señora das Angurias ... ... ... ... ... | 29 |
| Virxe con coroa ... ... ... ... ... ... ... ... | 16 |
| Virxe con peaña ... ... ... ... ... ... ... ... | 9 |
| Virxe con querubín ós pes ... ... ... ... ... | 39 |
| Outras imaxes ... ... ... ... ... ... ... ... ... | 2 |

| | |
|---|---|
| CANTIDADE ... ... ... ... ... ... ... ... ... | 100 |
| CON IMAXES ... ... ... ... ... ... ... ... ... ... | 74 |
| CON MESA ... ... ... ... ... ... ... ... ... ... ... | 7 |
| CON INSCRIPCIONS ... ... ... ... ... ... ... ... | 29 |

A SUA SITUACION:

| | |
|---|---|
| Igrexas ... ... ... ... ... ... ... | 25 |
| Capelas e ermidas . ... ... ... | 11 |
| Cemiterios ... ... ... ... ... ... | 6 |
| Encrucilladas ... ... ... ... ... | 19 |
| Montes ... ... ... ... ... ... ... | 1 |
| De "Vía Crucis" ... ... ... | 1 |

CON SIGNOS DA PAIXON:

| | |
|---|---|
| Adán ... ... ... ... ... ... ... | 1 |
| Eva ... ... ... ... ... ... ... ... | 1 |
| Caveira ... ... ... ... ... ... ... | 9 |
| Cáliz ... ... ... ... ... ... ... ... | 1 |
| Cántaro ... ... ... ... ... ... ... | |
| Varal ou columna . ... ... ... | 5 |
| Año ... ... ... ... ... ... ... ... | |
| Coroa de espiñas ... ... ... ... | 1 |
| Costelas ... ... ... ... ... ... ... | 5 |
| Cruz ... ... ... ... ... ... ... ... | |
| Serpe ... ... ... ... ... ... ... | 9 |
| Escada ... ... ... ... ... ... ... | 5 |
| Espada ... ... ... ... ... ... ... | 1 |
| Tralla ... ... ... ... ... ... ... | 7 |
| Galo ... ... ... ... ... ... ... ... | 4 |
| "Garita" . ... ... ... ... ... ... | 1 |
| Hisope ... ... ... ... ... ... ... | 1 |
| Lagarto ... ... ... ... ... ... ... | 9 |
| Lanza . ... ... ... ... ... ... ... | 7 |
| Man ... ... ... ... ... ... ... ... | 7 |
| Martelos ... ... ... ... ... ... ... | 6 |
| Sol ... ... ... ... ... ... ... ... | 2 |
| Sable ... ... ... ... ... ... ... | |
| Sapo ... ... ... ... ... ... ... ... | |
| Tanaces ... ... ... ... ... ... ... | 6 |
| Tibias en cruz ... ... ... ... ... | 11 |
| Encordoado . ... ... ... ... ... | 1 |
| Querubín ... ... ... ... ... ... | 1 |
| "Anfora" . ... ... ... ... ... ... | 1 |
| Cravos ... ... ... ... ... ... ... | |

# REMATES DOS BRAZOS DOS CRUCEIROS



DOUS





UN

DOUS





SEIS

TRES





NOVE





DOUS

DEZ



# REMATES DOS BRAZOS DOS CRUCEIROS



# FOTOGRAFIAS E INSCRICIONS







SITUACION: Parroquia de AGAR, no adro da igrexa e cemiterio.

BASAMENTA:

*Plataforma:* Tres graos cuadrangulares.

*Pedestal*: Cúbico con debuxos nas caras, rematando nun círculo.

VARAL: Octogonal, comenza e remata cuadrangular.

CAPITEL: Cuadrangular con volutas e un anxo en cada cara.

CRUCIFIXO: Cilíndrico espiñoso.

*Anverso*: Cristo crucificado, cabeza deitada cara á dereita; mans, co segundo dedo sinalando, tres cravos, coroa de espiñas.

*Reverso*: Virxe María pregando cun anxo ós pés.

ALTURA: Uns cinco metros.

INSCRICION: Non se observan.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Da igrexa. Recórdase sempre alí.







SITUACION: Parroquia de AGAR, encrucillada xunto á escola.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Catro graos cuadrangulares.

*Pedestal:* Cuadrangular, pero remata cilíndrico.

VARAL: Comenza cuadrangular e segue cilíndrico, liso.

CAPITEL: Cilíndrico con volutas e catro anxos.

CRUCIFIXO: Brazos cilíndricos e espiñosos.

*Anverso*: Cristo crucificado coa cabeza deitada cara á dereita, mans abertas, coroa de espiñas, tres cravos; I.N.R.I.

*Reverso*: Ascensión da Virxe María, un anxo en cada brazo da cruz e outro ós seus pés.

ALTURA: Uns cinco metros.

INSCRICION: Non se observan.

CONSERVACION: Mala.

PROPIEDADE: Pública. Semella un de tantos cruceiros de encrucillada de camiños que se dirixen á igrexa alí preta.







SITUACION: Parroquia de AGUIONS, diante do adro.

BASAMENTA:

*Plataforma:* Tres graos cuadrangulares con mesa no derradeiro.

*Pedestal*: Cúbico biselado.

VARAL: Octogonal, con remendos de ferro, comenza e remata cadrada.

CAPITEL: Cuadrangular con «gorxa».

CRUCIFIXO: Octogonal.

*Anverso*: Cristo crucificado coa cabeza cara á dereita, mans pechadas, coroa de espiñas, tres cravos; I.N.R.I.

*Reverso*: Nosa Sra. das Angustias.

ALTURA: Uns catro metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública.







SITUACION: Parroquia de AGUIONS, preto da estrada ou «pista» (1,5 Km.) camiño a Santeles desde a estrada á Estrada.

BASAMENTA:

*Plataforma:* Dous graos.

*Pedestal*: Cuadrangular, para rematar redondo.

VARAL: Octogonal, comenza cadrada, e ten signos da Paixón: columna, escada, martelo, tenaces e dúas trallas en X.

CAPITEL: Cuadrangular con volutas, con dous anxos e dous santiños.

CRUCIFIXO: Octogonal.

*Anverso*: Cristo crucificado, cabeza cara á dereita, mans pechadas, coroa de espiñas, tres cravos; I.N.R.I. Un anxo á súa dereita.

*Reverso*: Virxe María con palma na man dereita e Neno na esquerda, dous anxos póñenlle a coroa e demais enfeites.

ALTURA: Uns catro metros.

INSCRICION: Non se albiscan.

CONSERVACION: Mala.

PROPIEDADE: Pública. Situado nunha anterga carballeira e encrucillada de camiños.





SITUACION: Parroquia de SAN PEDRO DE ANCORADOS. Frente ó «Teleclub».

BASAMENTA:

*Plataforma:* Tres graos de cemento.

*Pedestal*: Cadrado.

VARAL: Octogonal, liso.

CAPITEL: Comenza redondo e remata cadrado.

CRUCIFIXO: Cadrado.

*Anverso*: Cristo crucificado, cabeza cara á dereita, mans abertas, coroa de espiñas, tres cravos; I.N.R.I.

*Reverso*: Nosa Sra. das Angustias.

ALTURA: Preto de dous metros e medio.

INSCRICION: No capitel: 1971.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Herdeiros de Felicísima Nogueira. Situado en paraxe preta foi trasladado na data que ten o capitel, e restaurado hai uns anos pola Concentración Parcelaria.







SITUACION: Parroquia de ARCA. No adro.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Catro graos octogonais.

*Pedestal:* Cuadrangular con «gorxa».

VARAL: Octogonal, comenza e remata cuadrangular.

CAPITEL: Tronco de pirámide cuadrangular invertido.

CRUCIFIXO: Cilíndrico espiñoso.

*Anverso:* Imaxe de Cristo crucificado coa cabeza cara á dereita, mans pechadas, coroa de espiñas, tres cravos; I.N.R.I.

*Reverso*: Virxe María con tres anxos ós pés.

ALTURA: Uns cinco metros.

INSCRICION: Na columna: Por diante de arriba a abaixo: A LA REALEZA UNIVERSAL DE CRISTO REY. Por detrás: SAN MIGUEL DE ARCA FRANCISCANOS 19 MARZO 19?8. Arredor da base da columna: VI/CRIS/REY
VA TO

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública.





SITUACION: Parroquia de ARNOIS, lugar de Ribadulla. Xunta a un camiño, diante da capela da Nosa Sra. de Granada.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Tres graos.

*Pedestal*: Cúbico, envolveito por unha grande serpe.

VARAL: Comenza cadrada con signos de Paixón: diante, tenaz e martelo. Detrás, columna e galo. Dereita, esqueira e lanza. Esquerda, man e corda, segue cilíndrica espiñosa e remata cadrada.

CAPITEL: Tronco de pirámide cuadrangular invertido, cun anxo en cada cara e volutas.

CRUCIFIXO: Cruz redonda espiñosa.

*Anverso*: Cristo crucificado, cabeza cara á dereita, mans pechadas, coroa de espiñas, tres cravos, I.N.R.I.

*Reverso:* Virxe pregando con anxo ós pés.

ALTURA: Uns catro metros.

INSCRICION: Nopedestal: AÑO 1.805.

DEBOCION DE<br>
MARIA DE SILVA IC APITAN D RAMON<br>
SU HIJO<br>
MA CAMINANTE RECUERDA A<br>
NTRO. SEÑOR.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Familia Silva-Losada.

No primeiro grao, cara de diante: ACUERDATE DE LA SANT









SITUACION: Parroquia de STA. MARIÑA DE BARCALA, onde a capela do Caeiro.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Cinco graos.

*Pedestal:* Cúbico con catro caveiras (nas esquinas) e cobra, cordeiro ou año, costelas e lagarto.

VARAL: Cilíndrica con estrías cunha imaxe e outras nas caras onde empeza con sección cuadrangular.

CAPITEL: Cilíndrico con volutas. Con dous bispos e dous tríos de santiños. Un sol e unha lúa crecente.

CRUCIFIXO: Cilíndrico con estrías.

*Anverso*: Cristo crucificado, cabeza cara á dereita, mans pechadas, coroa de espiñas, tres cravos, I.N.R.I.

*Reverso*: Virxe pregando con tres anxos ós pés.

ALTURA: Mais de cinco metros.

INSCRICION: Soamente é lexible:

AÑO 1.692 ALONSO/(ilexible)/(ilexible)
POR SU DEVOCION (ilexible)

CONSERVACION: Mala.

PROPIEDADE: Pública. Estivo nos lindeiros dos concellos da Estrada con Cesures, no alto dun monte, no chamado «Camiño do sal», paso obrigado de carreteiros que a trasportaban. Foi mandado facer por estes comerciantes, pregando a protección.







SITUACION: Parroquia de S. MIGUEL DE BARCALA, no adro da igrexa.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Dous graos cuadrangulares.

*Pedestal:* Cuadrangular, con mesa diante.

VARAL: Comenza de forma cuadrangular e segue de forma octogonal, estreitándose pouco a pouco.

CAPITEL: Cuadrangular.

CRUCIFIXO: Cuadrangular biselado.

*Anverso*: Cristo crucificado coa cabeza deitada cara á dereita e cara a adiante, mans abertas, coroa de espiñas, tres cravos, I.N.R.I.

*Reverso*: Virxe María cun anxo ós pés.

ALTURA: Máis de cinco metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Da igrexa.



SITUACION: Parroquia de CALLOBRE, no lindeiro coa de Moreira, lugar de Vilafruxil.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Dous graos.

*Pedestal:* Cuadrangular grande con «Peto de Animas».

VARAL: Cilíndrica, lisa.

CAPITEL: Cuadrangular, de cemento.

CRUCIFIXO: Octogonal.

*Anverso:*

*Reverso*: Non ten imaxes.

ALTURA: Uns tres metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Mala.

PROPIEDADE: Pública. Os veciños coidan que foi posto para facer de linde entre as dúas parroquias (Callobre-Moreira).







SITUACION: Parroquia de CODESEDA, na carballeira, onde houbo feira, preto da igrexa.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Dous graos.

*Pedestal*: Cuadrangular con «gorxa».

VARAL: Cuadrangular, comenza e remata de forma cuadrangular, con dous santiños.

CAPITEL: Cuadrangular con volutas.

CRUCIFIXO: Cilíndrico, lixeiramente espiñoso.

*Anverso:* Cristo crucificado, cabeza cara a adiante, mans abertas, coroa de espiñas e cravos. I.N.R.I.

*Reverso:* Nosa Sra. das Angustias, con anxo ós pés.

ALTURA: Uns catro metros.

INSCRICION: Non se ollan.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública. Recórdano sempre onde está, xunto ó camino preto da igrexa.







SITUACION: Parroquia de CORA, lugar da Igrexa, diante da entrada.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Non ten.

*Pedestal*: Cuadrangular, con mesa diante.

VARAL: Octogonal, comenza cuadrangular e remata redonda ou cilíndrica.

CAPITEL: Comenza cilíndrico remata cuadrangular con volutas nas esquinas e anxos nas caras.

CRUCIFIXO: Cuadrangular con bordes «romos».

*Anverso*: Cristo crucificado coa cabeza cara a adiante, mans pechadas, tres cravos, coroa de espiñas, I.N.R.I.

*Reverso:* Virxe pregando con coroa e anxo ós pés.

ALTURA: Preto de cinco metros.

INSCRICION: Na base da columna:

ANDRES AÑO
BARCO 1.789

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública.







SITUACION: Parroquia de COUSO, a 200 m. da estrada Santiago-A Estrada, lugar de Sequeiró, xunto á «pista» que vai á escola.

BASAMENTA:

*Plataforma*: De catro graos cuadrangulares.

*Pedestal*: O derradeiro grao fai de pedestal.

VARAL: Octogonal, con base cuadrangular.

CAPITEL: Cuadrangular con volutas e catro «santiños», un en cada cara.

CRUCIFIXO: Octogonal.

*Anverso:* Cristo crucificado, cabeza cara a adiante, mans pechadas, tres cravos. Coroa de espiñas, I.N.R.I.

*Reverso:* A Dolorosa enriba do mundo, cravada coas sete espadas do dor.

ALTURA: Uns catro metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Boa, coa axuda dos nenos da escola de Couso, dirixidos polo seu mestre.

PROPIEDADE: Pública. Ergueuno un labrego rico enfermo de reuma; contan que ó terceiro ano xa podía ir a pé á igrexa, san da súa doenza. Tíñase o costume de dar sete voltas a el os doentes de reuma. (Recollido de Olimpio Arca Caldas).







SITUACION: Parroquia de CURANTES, no cemiterio.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Catro graos de pedra.

*Pedestal*: Cúbico.

VARAL: Comenza e remata de forma cuadraigular, o demais é octogonal.

CAPITEL: Tronco de pirámide cuadrangular invertido con enfeites sinxelos.

CRUCIFIXO: Cilíndrico.

*Anverso:* Cristo crucificado coa cabeza cara a adiante, mans pechadas e cravos, I.N.R.I.

*Reverso:* Virxe María «Rexina Anxelorum», «cetro» na man dereita e Neno na esquerda, coroa, un anxo ós pés.

ALTURA: Uns cinco metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública. Foi levado ó cemiterio hai 45 anos, trouxérono dunha encrucillada veciña.







SITUACION: Parroquia de CURANTES, lugar de Pousada, xunto á «pista» diante da anterga casa de Recarei.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Oito graos cuadrangulares.

*Pedestal*: Cúbico cuadrangular ó remate.

VARAL: Cuadrangular ó comenzo e remate, o demais octogonal, lisa.

CAPITEL: Cilíndrico con volutas e catro querubíns.

CRUCIFIXO: Octogonal.

*Anverso:* Cristo crucificado, cabeza cara á dereita, mans abertas, coroa de espiñas, tres cravos, I.N.R.I.

*Reverso*: Ascensión da Virxe ó ceo, coroa, dous anxos nos brazos da cruz e tamen ós pés.

ALTURA: Uns cinco metros.

INSCRICION:

ESTE CRUCER LO MD ACER D BER
NARDO BALLA DARES CANDE/A ST RO/DST

CONSERVACION: Mala.

PROPIEDADE: Pública. Foi propiedade da vella casa ou pazo de Recarei.







SITUACION: Parroquia de S. PAIO DA ESTRADA, na mesma Vila, ulgar do Cruceiro.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Tena enterrada.

*Pedestal*: Cúbico con caveiras nas catro esquinas e signos da Paixón: Cobra, costelas, tibias, etc.

VARAL: Octogonal con santiños, un peregrino e a imaxe do Apóstolo peregrino.

CAPITEL: Tronco de pirámide cuadrangular invertido, con volutas.

CRUCIFIXO: Cuadrangular con enfeites.

*Anverso*: Cristo crucificado, cabeza lixeiramente cara á dereita, mans pechadas, tres cravos e coroa de espiñas.

*Reverso:* Virxe das Angustias.

ALTURA: Uns catro metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Mala.

PROPIEDADE: Pública. Xunto a un camiño de peregrinos a Santiago.







SITUACION: Parroquia de GUIMAREI, preto da igrexa.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Tres graos cuadrangulares.

*Pedestal*: Cúbico con moito bisel, con caveiras.

VARAL: Comenza cadrado e sigue hexagonal, con un santiño.

CAPITEL: Cuadrangular con volutas.

CRUCIFIXO: Cruz cadrada biselada.

*Anverso*: Cristo crucificado, cabeza cara á dereita, mans abertas, coroa de espiñas, tres cravos. Fáltalle a parte darriba da cruz, que lle caéu.

*Reverso*: Imaxe da Nosa Señora das Angustias, con un anxo ós pés.

ALTURA: Uns cinco metros.

INSCRICION: Non se atopan.

CONSERVACION: Mala.

PROPIEDADE: Pública.







SITUACION: Parroquia de LAGARTONS, lugar do Viso, xunta ó camiño, hoxe «pista» e o turreiro.

BASAMENTA:

*Plataforma:* Tres graos.

*Pedestal*: Cuadrangular con «Peto de Animas», remata redondo.

VARAL: Octogonal, comenza cadrada, diante, imaxe de S. Estevo.

CAPITEL: Cilíndrico, remata cuadrangular con volutas e catro anxos.

CRUCIFIXO: Octogonal.

*Anverso*: Dolorosa, un anxo ós pés e unha espada cravada no peito.

*Reverso:* Non ten imaxes, ainda que ten sinais de que as tivo.

ALTURA: Tres metros, máis ou menos.

INSCRICION: Tena ilexible na cara dereita do pedestal.

CONSERVACION: Mala.

PROPIEDADE: Pública.







SITUACION: Parroquia de MATALOBOS, na entrada do adro.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Tres graos cuadrangulares.

*Pedestal:* Cadrado biselado.

VARAL: Octogonal, empeza e remate cuadrangular.

CAPITEL: Tronco de pirámide cuadrangular invertida.

CRUCIFIXO: Cadrado, fáltalle o remate (con enfeites).

*Anverso*: Cristo crucificado, coa cabeza cara a dereita, mans pechadas, coroa de espiñas, tres cravos.

*Reverso*: Virxe das Angustias.

ALTURA: Uns tres metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública. A cruz apareceu enterrada no adro (encontrouna o cura) e con ela ergueron o cruceiro hai poucos anos, anque se supón que a cruz e moi antiga.







SITUACION: Parroquia de MOREIRA, no adro.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Soamente ten unha basamenta cilíndrica para o pedestal.

*Pedestal:* Un gran pedestal cilíndrico de pedra.

VARAL: Cilíndrico con enfeites na base e no remate, sostido por unha estructura de ferro.

CAPITEL: Cadrado con volutas, dibuxado.

CRUCIFIXO: Cadrado.

*Anverso:* Cristo crucificado, cabeza deitada cara á dereita, mans abertas, coroa de espiñas, I.N.R.I. Pes separados sen cravar, enriba dunha peaña.

*Reverso*: Virxe Inmaculada.

ALTURA: Uns cinco metros.

INSCRICION: Non se ollan.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública.







SITUACION: Parroquia de OCA, no turreiro, xunta á igrexa.

BASAMENTA:

CRUZ.—Predomina, evidentemente, a sección cadrada nas cruces deste concello; por suposto, todas elas son latinas. Inflúe de xeito decisivo se temos en conta que entre elas están as dos cruceiros que forman o "Via Crucis". Hai ademáis oito octogonais, catro cadradas con bordes biselados, unha hexagonal, dúas de forma romboidal e outras dúas en forma de 'X'.

ANVERSO.—Rexístranse 16 cruceiros coa imaxe clásica de Xesús Cristo crucificado; neles aparece sempre con tres cravos, facendo bó o parecer de Castelao, no senso de que en Galicia non existe Cristo cravado con catro cravos, como se estilaba nalgún tempo.

Con coroa de espiñas rexistrámolo en 14 ocasións.

En canto á posición da cabeza, vemos que en dez casos tena lixeiramente inclinada á dereita, en dúas ergueita, e en tres inclinada lixeiramente cara adiante.

Polo que se refire á postura das mans, esta é a porcentaxe:

—Coas mans abertas: seis cruceiros.

—Coas mans pechadas: catro.

—Coas mans medias pechadas: cinco.

—Cos dedos da man dereita (indicador e medio) abenzoando, témolo do cemiterio de Cerdedo.

—Teñen a inscripción I.N.R.I.: 15 cruceiros.

REVERSO.—Aparece a imaxe de María pregando, en 12 cruceiros. Un deles, o do cemiterio de Cerdedo, non tén reverso ou, mellor dito, non presenta ningunha imaxe no mesmo.

A imaxe con coroa aparece nunha ocasión, e en oito casos hai querubíns (un ou máis) ós pés. En cinco casos tén peaña debaixo, sobre a que pode descansar.

Nunha ocasión aparece soa a imaxe da Virxe —no cruceiro do "Via Crucis" de Quireza— e, formando parte do mesmo "Via Crucis", hai outro cruceiro cunha imaxe, que se trata neste caso dun peregrino descansando cunha cuncha de vieira ós pés.

A imaxe da Virxe María á que nos acabamos de referir, está presente coa advocación das Angustias co seu Fillo recostado sobre o brazo dereito.

MOTIVOS DA PAIXON.—Considerados no seu conxunto —xa que están especificados nas correspondentes fotografías—, obsérvanse os seguintes motivos da Paixón: en catro, caveiras; en un, un sol; en dous, tibias cruzadas; en un, un martelo.

Estas son as figuras en conxunto, moitas delas figuran xuntas no mesmo cruceiro.

INSCRICIONS.—Só puidemos constatar inscricións en catro cruceiros.

REPARTO DE SITUACIONS TOPOGRAFICAS.—Cruceiros pertenecentes a igrexas e ó seu entorno, nove; cruceiros correspondentes ó entorno de ermidas, doce; cruceiros de "Via Crucis", trece; un "Via Crucis" tén dez (Quireza) e o outro tén tres (Pedre); cruceiros de encrucillada, cinco; cruceiro de cemiterio, un.

CARACTERISTICAS PARTICULARES A SALIENTAR.—As imaxes dos cruceiros que se observan son moi artísticas. É mester salientar tamén a gran cantidade de cruces que "sementan" o chan da terra de Cerdedo.

O "Vía Crucis" de Quireza é magnífico. Empeza cun altísimo e gran cruceiro para seguir polo adro e camposanto con dez cruceiros a pé, faltando os outros (un derrubado recentemente por un coche). Tamén é interesantísimo o conxunto de nobre e harmoniosa pedra que forman en Pedre os seus cruceiros cos seus numerosos hórreos, tamén pétreos. Constitúe un dos senlleiros recantos galegos que nos restan sen excesivas alteracións. Un magnífico conxunto arquitectónico de arquitectura popular.

O cruceiro do camposanto de Cerdedo sen figura no anverso é de traza moderna, tén a particularidade de presenta-la man dereita de Cristo cravada con soamente o dedo indicador e o medio extendidos bendicindo; a esquerda está aberta, perdoando.

Cómpre suliñar tamén o feito de que cada ermida (12 en total) tén cadanseu cruceiro.

E, por suposto, o excepcional, o senlleiro de Vichocuntín coa súa capela como pedestal, os de Quireza, Castro, Carballás —magnífico, pero nun entorno noxento que dá mágoa—, os fermosos de Cerdedo (igrexa) e Folgoso, e o abandonado da Ponte do Pego de Parada.

Atopamos un "Peto de Animas" no cruceiro da ermida de San Antonio de Cerdedo.

# CRUCEIROS DO CONCELLO DE CERDEDO

PLATAFORMA DA BASAMENTA:

| | |
|---|---|
| Con un grao | 3 |
| Con dous graus | 9 |
| Con tres graus | 6 |
| Con catro graus | 2 |
| Con cinco graus | |

PEDESTAL:

| | |
|---|---|
| Teñen pedestal | 25 |
| Pedestal cúbico biselado | 20 |
| Pedestal tronco de pirm. cuadrangular | 2 |
| Pedestal cilíndrico | 2 |
| Pedestal cuadrangular | 1 |
| Pedestal octogonal | 1 |

VARAL:

| | |
|---|---|
| De sección cuadrangular | |
| De sección cadrada biselada | |
| De sección cilíndrica | 15 |
| De sección circular espiñosa | |
| De sección circular estriada | 3 |
| De sección octogonal | 14 |
| De sección hexagonal | 3 |
| Outras formas | |
| Con imaxes | |

CAPITEL:

| | |
|---|---|
| De forma tronco pirm. cuadrang. invertido | 12 |
| De forma cuadrangular | 13 |
| De forma cilíndrica | |
| De forma ovoidal | 1 |
| Sen capitel | |
| Con volutas, etc. | 17 |
| Querubins nas caras | 6 |
| Querubins nos ángulos | |

CRUCIFIXO:

| | |
|---|---|
| Sección cuadrangular | 17 |
| Sección cuadrangular biselada | |
| Sección circular lisa | 2 |
| Sección circular espiñosa | 3 |
| Sección octogonal | 4 |
| Sección romboidal | 2 |
| Sección en aspa (X) | 2 |

ANVERSO:

| | |
|---|---|
| Cristo Crucifixado | 16 |
| Outra imaxe | 2 |
| Cristo con coroa de espiñas | 14 |
| Cristo coa cabeza ergueita | 2 |
| Cristo coa cabeza para a dereita | 10 |
| Cristo coa cabeza para diante | 3 |
| Cristo coa cabeza para a esquerda | |
| Cristo coas mans abertas | 6 |
| Cristo coas mans pechadas | 4 |
| Cristo coas mans medio pechadas | 5 |
| Cristo cos dedos abenzoando | 1 |
| Cristo con inscripción I.N.R.I. | 15 |

REVERSO:

| | |
|---|---|
| Virxe pregando ou Doorosa | 12 |
| Nosa Señora das Angurias | 1 |
| Virxe con coroa | 1 |
| Virxe con peaña | 5 |
| Virxe con querubin ós pes | 8 |
| Outras imaxes | 3 |

| | |
|---|---|
| CANTIDADE | 35 |
| Con imaxes | 16 |
| Con mesa | 4 |
| Con inscripcions | |

A SUA SITUACION:

| | |
|---|---|
| Igrexas | 9 |
| Capelas e ermidas | 12 |
| Cemiterios | 1 |
| Encrucilladas | 5 |
| Montes | |
| De "Vía Crucis" | |

CON SIGNOS DA PAIXON:

| | |
|---|---|
| Adán | 1 |
| Eva | 1 |
| Caveira | 4 |
| Cáliz | |
| Cántaro | |
| Varal ou columna | |
| Año | |
| Coroa de espiñas | |
| Costelas | |
| Cruz | |
| Serpe | |
| Escada | |
| Espada | |
| Tralla | |
| Galo | |
| "Garita" | |
| Hisope | |
| Lagarto | 1 |
| Lanza | |
| Man | |
| Martelos | 1 |
| Sol | |
| Sable | |
| Sapo | 1 |
| Tanaces | 1 |
| Tibias en cruz | 2 |
| Encordoado | |
| Querubín | |
| "Anfora" | |
| Cravos | |

# REMATES DOS BRAZOS DOS CRUCEIROS



# REMATES DOS BRAZOS DOS CRUCEIROS



# FOTOGRAFIAS E INSCRICIONS







SITUACION: Parroquia de CERDEDO, á entrada da igrexa.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Catro graos formando octógonos.

*Pedestal*: Octogonal con «gorxa».

VARAL: Comenza octogonal, con imaxes da Paisón: Pala, martelo, tibias en X, escaleira... segue en «tirabuzón», cilíndrico.

CAPITEL: Tronco de pirámide cuadrangular invertido con un anxo nas catro caras.

CRUCIFIXO: Cilíndrico, liso.

*Anverso*: Cristo crucificado, cabeza cara adiante, tres cravos, I.N.R.I.

*Reverso*: Inmaculada pregando enriba dun pedestal.

ALTURA: Moi alto, ¿máis de sete metros?

INSCRICION: Cara ant. no pedestal: 1.900. Detrás: M. C..M.

CONSERVACION: Moi boa.

PROPIEDADE: Forma parte do conjunto da igrexa.









SITUACION: Parroquia de CERDEDO, diante da capela de S. Antón, onda un moi antergo camiño e ponte romans.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Dous graos cuadrangulares.

*Pedestal*: Cúbico, rematando con enfeites, por diante «Peto de Animas», faltándolle a tampa que tiña enriba.

VARAL: Cilíndrico, liso.

CAPITEL: Cuadrangular con volutas, enfeites e un anxo nas catro caras.

CRUCIFIXO: Cuadrangular biselado.

*Anverso*: Cristo crucificado, cabeza cara a dereita, tres cravos, coroa de espiñas, I.N.R.I.

*Reverso:* Un peregrino con báculo, cabaza na man dereita e o Neno Xesús enriba da esquerda.

ALTURA: Preto de seis metros.

INSCRICION: Somentes se da lido: «...ofrecieron esta»

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública.







SITUACION: Parroquia de CASTRO. Nun antergo camiño, hoxe feito «pista», na banda darriba da igrexa.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Catro graos cuadrangulares, mal colocados.

*Pedestal:* Cuadrangular de forma pouco corrente, por ter dúas fondas «gorxas».

VARAL: Octogonal, liso.

CAPITEL: Cuadrangular con enfeites.

CRUCIFIXO: Latino, liso, sección cadrada.

*Anverso*: Cristo crucificado, tres cravos, mans pechadas, cabeza deitada cara a dereita, coroa de espiñas, I.N.R.I.

*Reverso*: Virxe Inmaculada, pregando collidas as mans.

ALTURA: Uns seis metros.

INSCRICION: Non se atopan.

CONSERVACION: Mala.

PROPIEDADE: Recórdase alí desde sempre e fálase se foi ergueito cando fixeron a igrexa. Alí fan parada cos defuntos que veñen de Filgueira.







SITUACION: Parroquia de FOLGOSO, á banda esquerda da estrada xeral Pontevedra-Ourense, onde comenza a »pista» para a igrexa.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Dous graos cuadrangulares.

*Pedestal:* Cuadrangular, moi «traballado» e signos da Paisón: Tenaza, sol e martelo.

VARAL: Comenza cuadrangular para seguir redondo, liso con unha imaxe de S. Antón.

CAPITEL: Cuadrangular con un anxo en cada cara.

CRUCIFIXO: Redondo espiñoso.

*Anverso*: Imaxe de Cristo crucificado, cabeza cara á dereita, tres cravos.

*Reverso:* Imaxe da Virxe pregando sostida por un anxo ós seus pés.

ALTURA: Uns cinco metros.

INSCRICION: Non se ollan.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública.







SITUACION: Parroquia de FOLGOSO, na entrada ó adro da igrexa parroquial.

BASAMENTA:

*Plataforma:* Dous graos cuadrangulares.

*Pedestal*: Cuadrangular biselado. Ten unha mesa rectangular no frente que levanta un pouquiño máis que o pedestal sobre dun pé que sae do derradeiro grao da plataforma.

VARAL: Redondo, liso.

CAPITEL: Cuadrangular con enfeites, con un anxo en cada cara.

CRUCIFIXO Sección en X.

*Anverso*: Cristo crucificado ollando ó frente, con coroa de espiñas, tres cravos, I.N.R.I.

*Reverso:* Virxe pregando con coroa e un anxo ós seus pés.

ALTURA: Preto de seis metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Boa.







SITUACION: Parroquia de PARADA, en paraxe As Ermitas ou Ponte do Pego.

BASAMENTA:

*Plataforma:* Tres graos cuadrangulares.

*Pedestal*: Cúbico con enfeites, con imaxes, cara de diante Adán e Eva. Cara dereita: chamas e almas no inferno. Cara de atrás: Imaxe dun santiño. Cara esquerda: enfeites de follas.

VARAL: Empeza cadrado e despois octogonal, con unha imaxe na cara de diante.

CAPITEL: Cuadrangular con moitos enfeites e un anxo en cada cara.

CRUCIFIXO: Cilíndrico espiñoso.

*Anverso*: Cristo crucificado co peito moi saínte para diante. Coroa de espiñas, tres cravos, moito pelo, I.N.R.I.

*Reverso*: Imaxe da Virxe María pregando.

ALTURA: Máis de catro metros.

INSCRICION: Non se ollan, mais é un fermoso cruceiro no monte cheo de toxos defrente da capela que se dixo. E un dos pouquísimos cruceiros con imaxes do inferno ou purgatorio.

CONSERVACION: Mala.

PROPIEDADE: Pública.







SITUACION: Parroquia de PEDRE, lugar de Vichacuntín.

BASAMENTA:

*Plataforma:* E unha obra feita en pedra, moi alta para nivelar co terreo moi en costa, sen graos.

*Pedestal:* E o seguimento da base e nel ten unha capeliña onde estaría o pedestal e un «Peto de Animas», rematado por un tellado onde sale a vara.

VARAL: Cilíndrico, liso.

CAPITEL: Cuadrangular invertido, un anxo en cada cara e moitos enfeites.

CRUCIFIXO: Cilíndrico, liso.

*Anverso:* Cristo crucificado, cabeza cara a dereita, tres cravos, coroa de espiñas, I.N.R.I., mans pechadas.

*Reverso:* Inmaculada pregando.

ALTURA: Uns seis ou sete metro sen contar a grande obra da base.

INSCRICION: Praca de mármol no «Peto»:
En el año 1.905. Se hizo este crucero
Por orden de Manuel vecino y José Sieiro
Donativo de D. Domingo Sieiro.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Particular, da familia Sieiro que ten a casa alí diante do cruceiro.









SITUACION: Parroquia de QUIREZA, preto da casa rectoral e do adro da igrexa parroquial ó Sur da mesma.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Dous graos octogonales, que se vexan, pode verse algo doutro enterrado.

*Pedestal:* Octogonal con ampla «gorxa» e enfeites.

VARAL: Poida que teña máis de seis metros de alto, dunha soia peza, empeza octogonal con imaxes da Paixón: escaleira, hisopo, espada..., sigue despois cilíndrico en tirabuzón. E un gran cruceiro con moita altura e moi traballado.

CAPITEL: Cuadrangular con un anxo en cada cara e volutas.

CRUCIFIXO: Octogonal, liso.

*Anverso*: Cristo crucificado, cabeza para a dereita, mans medio pechadas, coroa de espiñas, I.N.R.I., tres cravos.

*Reverso*: Inmaculada Concepción en posición pregando, con peaña.

ALTURA: Poida que oito metros.

INSCRICION: No podestal, cara do lado esquerdo coa data 1.902 e na cara anterior:

Este cruceiro se hizo...
Año 1.902 siendo cura
Manuel Rivas Gamallo.

(En pequena praca de mármol.)

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Sábese que foi feito por José Ferreiro, veciño de Outeiro de Quireza. Houbo un desgusto na aldea porque cando o facían unha vaca que traballaba prós canteiros parteu unha pata. Propiedade pública e o primeiro dun «Via Crucis».

SITUACION: Lugar de AREN, no adro da capela.
BASAMENTA:
*Plataforma*: Non ten.
*Pedestal:* Cilíndrico con «gorxa».
VARAL: Octogonal, liso.
CAPITEL: Tronco de pirámide cuadrangular invertido, en cada cara unha caveira, en cada ángulo un anxo.
*Anverso:* Coñécese que a fixeron de novo de cemento, pois o resto do cruceiro parece moito máis vello, ten un corazón coa coroa de espiñas e a data 1.950, en que lle puxeron este crucifixo.
ALTURA: Uns tres metros.
INSCRICION: Non ten.
CONSERVACION: Boa.

• •

SITUACION: Lugar de S. BERNABE, un pouco á esquerda da capela do mesmo nome.
BASAMENTA:
*Plataforma*: Tres graos rectangulares máis longos na dirección Leste-Oeste.
*Pedestal*: Cúbico, biselado.
VARAL: Hexagonal, liso.
CAPITEL: Un ovoide.
CRUCIFIXO: Cuadrangular, liso.
ALTURA: Uns cinco metros.
INSCRICION: Non ten.
CONSERVACION: Boa.
PROPIEDADE: Pública.

• •

SITUACION: Lugar de CARBALLAS, no medio dunha praciña, preto da capeliña da Purísima.
BASAMENTA:
*Plataforma*: Ten soamente unha pedra de caras rectangulares.
*Pedestal*: Cuadrangular con un grande «cuello».
VARAL: Empeza cuadrangular para seguir octogonal, por diante ten a Virxe coa cara do «Ecce Homo» nas mans.
CAPITEL: Cuadrangular con querubín por cada unha das caras.
CRUCIFIXO: Cilíndrico espiñoso.
*Anverso:* Cristo crucificado coa cabeza para diante, con barba, coroa de espiñas, tres cravos e mans pechadas.
*Reverso:* Virxe Inmaculada pregando, sostida por un querubín ós seus pés.
ALTURA: Máis de cinco metros.
INSCRICION: Non se atopan.
TRADICION: Dise que o mandou erixir un veciño de Quireza, ou máis ben que o fixo el mesmo. Ali van sempre as procesións. Amolarono arrimándolle un bebedeiro pro gando.
CONSERVACION: Regular.
PROPIEDADE: Pública e din os veciños que o quixeron levar para Cerdedo mais non lle deixaron.

SITUACION: Parroquia de CASTRO, lugar de Bugarín, frente á capela de Sta. Tereixa de Xesús.
BASAMENTA:
*Plataforma*: Dous graos cuadrangulares.
*Pedestal*: Cúbico, coas beiras de arriba biseladas ou chafranadas.
VARAL: Octogonal, liso.
CAPITEL: Cuadrangular, liso.
CRUCIFIXO: De sección romboidal, rematando cuadrangular.
ALTURA: Uns tres metros.
INSCRICION: Non ten.
CONSRVACION: Regular.
PROPIEDADE: Pública.

• •

SITUACION: Parroquia de CASTRO, lugar de Filgueira.
BASAMENTA:
*Plataforma*: Dous graos cuadrangulares.
*Pedestal*: Tronco de pirámide cuadrangular.
VARAL: Octogonal, lisa.
CAPITEL: Tronco de pirámide cuadrangular invertida, con algúns «planos».
CRUCIFIXO: Octogonal, liso.
ALTURA: Uns catro metros.
INSCRICION: Non ten.
CONSERVACION: Boa.
PROPIEDADE: Pública.

• •

SITUACION: No cemiterio.
BASAMENTA:
*Plataforma*: Tres graos cuadrangulares.
*Pedestal:* Cúbico.
VARAL: Redondo, liso, que sigue coa cruz (sen capitel) tamén cilíndrico.
CAPITEL: Non ten.
CRUCIFIXO: Cilíndrico, liso.
*Anverso*: Cristo crucificado, coa cabeza para a dereita, coroa de espiñas.
*Reverso*: Non ten imaxes.
ALTURA: Uns cinco metros.
INSCRICION: Na cara ant. do pedestal, praca de mármol que dí:

Tiende Sr. tus brazos yertos
Sobre las tumbas de nuestros muertos
Que el postrer día, Estos sus cuerpos
Al alma unidos. Suban al cielo.

J. F. P.

CONSERVACION: Boa.

SITUACION: Xunto á capela do S. Martiño, preto e ó Oeste da capela.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Tres graos cuadrangulares.

*Pedestal*: Cúbico biselado, mesa diante do cruceiro sostida por un pé desde o primeiro grao da plataforma, ten o mesmo outo que o pedestal.

VARAL: Redondo, liso.

CAPITEL: Cuadrangular.

CRUCIFIXO: Cilíndrico, liso.

*Anverso:* Cristo crucificado, cabeza para diante, mans pechadas, tres cravos, coroa de espiñas, I.N.R.I.

*Reverso:* Virxe pregando, mans xuntas ergueitas, de pé enriba dunha peaña.

ALTURA: Uns cinco metros.

INSCRICION: Non se ollan.

CONSERVACION: (Cruceiro darredor da capela, coma moitos outros). Boa.

PROPIEDADE: Pública.

• •

SITUACION: Lugar de CHAMADOIRA, diante da entrada principal da capela de S. Bartolomé.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Dous graos cuadrangulares.

*Pedestal*: Cuadrangular con bordes de arriba biselados.

VARAL: Empeza cuadrangular, segue estriado ó longo e remata formando o capitel, cuadrangular.

CRUCIFIXO: Octogonal.

ALTURA: Uns tres metros e medio.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Mala.

PROPIEDADE: Pública.

• •

SITUACION: Lugar de MEILIDA, ó Sur da capela de Loreto.

BASAMENTA:

*Plataforma:* Unha pedra irregular.

*Pedestal:* Cilíndrico en dous planos o de arriba máis estreito.

VARAL: Octogonal, liso.

CAPITEL: Pirámide cuadrangular invertido.

CRUCIFIXO Octogonal, liso.
*Reverso*: Círculo.

ALTURA: Uns catro metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: A capela foi erixida polo cura Lourenzo no 1555; non se sabe cando foi erixido o cruceiro.

SITUACION: Parroquia de PARADA, lugar de Portabarcia. Nunha encrucillada de camiños preto da estrada.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Enriba dun valado de pedra. Non ten graos.

*Pedestal*: Cilíndrico, liso.

VARAL: Cilíndrico, liso.

CAPITEL: Esférico, con estrías, feitas xeométricamente.

CRUCIFIXO: Cilíndrico, liso.

ALTURA: Máis de tres metros e medio.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Mala.

• •

SITUACION: Parroquia de PARADA, diante da igrexa parroquial no medio do camiño.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Tres graos cuadrangulares.

*Pedestal*: Cuadrangular, biselado.

VARAL: Cilíndrico, liso.

CAPITEL: Empeza redondo para seguir cuadrangular con un anxo en cada cara.

CRUCIFIXO: Cuadrangular, biselado.

*Anverso*: Cristo crucificado, tres cravos, coroa de espiñas, cabeza un pouco para a dereita, I.N.R.I.

*Reverso*: Imaxe da Virxe María pregando, con un anxo ós seus pés.

ALTURA: Uns catro metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Boa. Ten unha mesa de uns 60 cms. de alto diante do cruceiro, mais apartada dél.

• •

SITUACION: Parroquia de PARADA. Nunha encrucillada de camiños enriba dun valo.

BASAMENTA:

*Plataforma:* Dalgunhas pedras cuadrangualres.

*Pedestal*: Cuadrangular.

VARAL: Non ten.

CAPITEL: Non ten.

CRUCIFIXO: Cuadrangular liso.

*Anverso*: Cristo crucificado (fáltalle o brazo esquerdo), cabeza para a dereita, coroa de espiñas, I.N.R.I.

*Reverso*: Imaxe da Virxe pregando.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Mala.

PROPIEDADE: Supoñemos que privada.

SITUACION: Parroquia de PEDRE, na Eira grande, preto da igrexa, xunto a un antergo camiño de peregrinos, cara a Serrapio.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Sobre dunha pedra moi grande con tres graos polo Sur, cuadragngulares, e dous polo Norte polo mal nivel do terreno. O Este unha mesa.

*Pedestal*: Cuadrangular, moi pouco alto.

VARAL: Ata a metade liso cilíndrico e despois segue estriado.

CAPITEL: Cuadrangular.

CRUCIFIXO: Romboidal, liso.

*Anverso*: Cristo crucificado, coroa de espiñas, a cara para diante, mans pechadas, I.N.R.I.

*Reverso*: Virxe pregando coas mans xuntas ergueitas.

ALTLRA: Poida que máis de seis metros.

INSCRICION: Non se atopan.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública.

• •

SITUACION: Lugar de PEDRE, xunto á igrexa.

DESCRICION: Son tres cruceiros que forman parte dun «Via Crucis»; os veciños acórdanse de outros xa desfeitos. Seguindo un camiño antergo ate a Eira Grande, cara a Serrapio, ó Norte da igrexa.

1.º CRUCEIRO: Plataforma de dous graos, á súa esquerda unha escaleira para entrada dunha casa moi vella. Pedestal, cúbico, bordes sup. biselados. Columna ou varal: redonda lisa que remata formando o capitel cuadrangular. Cruz: Octogonal. Altura: uns dous metros e medio. Unha pequeniña cruz cravada na cara ant. do pedestal.

2.º CRUCEIRO: A uns 50 m. do outro, onde empeza a Eira Grande, sitio cheo de hórreos moi fermosos anque en ruiñas. Plataforma: un grao cuadrangular. Pedestal: cúbico. Varal: cilíndrico, liso, remata cuadrangular formando o capitel. Cruz: octogonal. Non ten inscricións. Altura: coma o de denantes.

3.º CRUCEIRO: A esquerda do camiño (os outros dous á dereita), e preto do gran cruceiro da Eira grande. Pedestal: cuadrangular. Columna: redonda, lisa. Cruz, octogonal, remata formando o capitel cuadrangular. Altura: coma os de denantes. Conservación: de todos é mala.

• •

SITUACION: Parroquia de QUIREZA, lugar Tres Aldeas, á esquerda da estrada Codeseda-Cerdedo, onde sae unha «pista» para a parroquia de Castro.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Poida que estea enterrada.

*Pedestal:* Tronco de pirámide.

VARAL: Cilíndrico, liso.

CAPITEL: Cuadrangular con volutas e enfeites.

CRUCIFIXO: Cuadrangular con enfeites coma de «botons».

ALTURA: Uns catro metros.

INSCRICION: No pedestal pon:
1.824 e outra ilexible.

CONSERVACION: Mala.

PROPIEDADE: Pública.

SITUACION: Parroquia de QUIREZA, lugar de Vilachán, diante da capela da Consolación.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Non ten.

*Pedestal*: Adivíñase case que a rentes da terra.

VARAL: Octogonal, liso, empeza e remata cuadrangular.

CAPITEL: Cuadrangular con enfeites.

CRUCIFIXO: Liso, hexagonal.

ALTURA: Uns tres metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Mala.

• •

SITUACION: Parroquia de QUIREZA, lugar de Fondó, diante da capela de S. Xosé.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Poidera tela cubierta de terra.

*Pedestal:* Cúbico con «gorxa».

VARAL: Cilíndrico, liso, moi curta polo que respecta ós outros compoñentes do cruceiro.

CAPITEL: Cuadrangular invertido.

CRUCIFIXO: De sección cadrada con algún enfeite.

ALTURA: Uns dous metros e medio.

INSCRICION: Na cara de diante do capitel pon a data 1.826.

CONSERVACION: Regular.

PROPIEDADE: Pública.

• •

SITUACION: Parroquia de QUIREZA.

DESCRICION: E un Via Crucis no adro da igrexa de Quireza, que empeza despois do cruceiro tan alto da entrada do adro, percorre un longo camiño do adro, dá a volta arredor da igrexa e máis do cemiterio onde remata. Quedan en pé catro cruceiros.

Primeiro: Plataforma, non ten. Pedestal cuadrangular con unha caveira en cada esquina, cara de diante un lagarto, detrás un sapo e dos lados tibias cruzadas en X. Capitel, empeza redondo e remata cuadrangular. Cruz, cadrada lisa, dediante imaxe de Nosa Señora das Angustias.

Segundo: Pedestal, tronco de pirámide cuadrangular. Columna hexagonal, lisa. Capitel, cuadrangular, con volutas. Cruz, hexagonal, lisa.

Terceiro: Pedestal, tronco de pirámide cuadrangular. Varal, hexagonal, empeza cadrada. Cara de diante, imaxe de San Blas. Capitel, cuadrangular con enfeites. Cruz, cuadrangular, grande con enfeites.

Cuarto: Non se ven plataforma nin pedestal. Columna, hexagonal. Capitel, cuadrangular. Cruz, cuadrangular lisa, cara ant. a imaxe de Santiago peregrino.

Quinto: Pedestal, tronco de pirámide cuadrangular. Columna ou varal, hexagonal. Capitel, cuadrangular, liso. Cruz, unha cruz grande de sección cadrada. Altura, uns tres metros.

Sesto: Pedestal, somentes se olla un anaquiño por estar enterrado, é de sección cuadrangular.

Varal, hexagonal, liso. Capitel, cuadrangular con enfeites. Cruz, cuadrangular biselada. Altura, uns dous metros e medio.

Séptimo: Diante xusto da porta principal da igrexa. Pedestal, tronco de pirámide cuadrangular. Varal, hexagonal, empeza cuadrangular. Capitel, cuadrangular en planos. Cruz, grande, cuadrangular con enfeites.

Octavo: Pedestal, tronco de pirámide cuadrangular. Varal, hexagonal, lisa. Capitel, cuadrangular con enfeites. Cruz, pequena, hexagonal.

Noveno: Pedestal, tronco de pirámide cuadrangular. Varal, hexagonal, empeza cuadrangular. Capitel, cuadrangular con enfeites. Cruz, gran cruz que non garda proporción.

Décimo: O lado da entrada da «Casa de Fábrica», non se ve o pedestal. Varal, hexagonal lisa. Capitel, cuadrangular. Cruz, hexagonal, lisa con I.N.R.I.

A altura destes cruceiros é de dous a tres metros, pódense ver restos doutros cruceiros que eran compañeiros dos descritos para formar un gran Via Crucis.

SITUACION: Parroquia de TOMONDE, nun monte preto ó Este da igrexa parroquial.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Case que non se ve. Diante unha mesa que chega ó alto da mitade do pedestal.

*Pedestal:* Grande, cuadrangular, con duas grandes «gorxas».

VARAL: Empeza cuadrangular, despóis segue hexagonal, liso cas caras afundidas.

CAPITEL: Tronco pirámide cuadrangular invertido con enfeites.

CRUCIFIXO: Sección en X.

*Anverso*: Cristo crucificado, tres cravos, cabeza para a dereita, mans pechadas, I.N.R.I.

*Reverso*: Virxe pregando, tendo conta dela un anxo ós seus pés.

ALTURA: Máis de cinco metros.

INSCRICION: Non se atopan.

CONSERVACION: Mala, a mesa está caendo.

PROPIEDADE: Pública.

# ESTUDIO DOS CRUCEIROS
## DO
# CONCELLO DA VILA DE CRUCES

# ESTUDIO DOS CRUCEIROS
# DO
# CONCELLO DE FORCAREI



# Cruceiros do Concello de Forcarei

Este Concello de Terra de Montes abranxe sete parroquias, pertenecentes ó Partido Xudicial de A Estrada, ubicadas entre Cerdedo, Silleda, Lalín e lindando con Ourense.

Terra de Montes ten unha extensión superficial de 167,7 $Km.^2$, na que se erguen 20 cruceiros, o que dá unha densidade de 0,12 cruceiros por $Km.^2$, e dicir, un pouco mais de 1,1 cruceiros por cada 10 $Km.^2$.

Ocupa con esta proporción o octavo lugar entre os Concellos que se estudian. Se a densidade de monumentos e das mais baixas do noso traballo vese sen embargo sobradamente compensado este factor no tocante a súa calidade. Abonde con dicir que dos 20 cruceiros en cuestión, 16 teñen imaxes (preciosas imaxes case todos) o que quere dicir que o 70% dos cruceiros de Forcarei ten esta sobranceira característica.

A vista destos datos resulta ser este Concello o que maior cantidade proporcional de figuras ten nos seus cruceiros. Soamente quedan tres cruceiros lisos, sen imaxe.

## DATOS MAIS IMPORTANTES

Analicemos por miudo as características principais dos cruceiros de Forcarei salientando aquelo que teña meirande interés e importancia.

PLATAFORMA OU BASE.—Compre salientar nos cruceiros de Forcarei a presencia en grande cantidade deles de base ou plataforma, só hai tres que carecen dela o que nos leva a coincidir con Castelao a hora de valorar a trascendencia da base na calificación e descripción destes monumentos ós que lle dan verdadeira categoría; por outra banda, o número de pasos, tan importante, é tamén grande nestes cruceiros así catalogados: Con un paso tres cruceiros e outros tres con dous, con tres pasos aparecen oito cruceiros e con catro dous

somentes. Nos dous restantes a base está formada por un grupo irregular de pedras.

MESAS.—Sete dos 20 cruceiros teñen diante unha mesa, en xeral moi ben traballada e perfiadas sobresaindo os de Millerada, Acibeiro, Quintillán e Castrelo entre outros.

PEDESTAIS.—Todos eles teñen pedestal, sobresaindo a forma de sección cúbica que é sen dúbida a mais corrente nos nosos cruceiros, presentando a parte superior biselada, con irregular inclinación. Soamente dous teñen un pedestal octogonal, e un non ten.

COLUMNAS. — Predominan aquí as de sección octogonal que acostuman se-las mais frecuentes. Atopamos once cruceiros con esta característica. Tres con columna redonda lisa, outros tres redonda estriada e unha cuadrada. Moitas son graciosas e lanzais.

CAPITEL.—Predomina a forma de pirámide cuadrangular, xeralmente o tronco de pirámide cadrangular invertido. Dentro da primeira clasificación hai 14 cruceiros, dentro da segunda, seis, sendo de advertir que ambas figuras xeométricas se confunden frecuentemente por análogas e pouco definidas debido ós adornos e adobíos que as engalanan. Oito teñen querubíns en cada unha das súas caras e un deles tenos nos ángulos do capitel. Trece deles presentan volutas, moi frecuentemente follas, ovas e astrágalos, etc., o que nos indica a ricaz profusión de todos eles.

CRUZ.—Son todas de tipo latino, predominando as de sección cadrada (7), coas beiras biseladas. Seguen en orden numérico catro cadradas, lisas sen bisel, outras catro octogonales e tamén catro de brazos redondos con espiños e unha de brazos redondos lisos.

ANVERSO.—A clásica imaxe de Noso Señor crucificado está presente en quince cruceiros. En 14 deles ten coroa de espiñas. En 10, Xesucristo aparace coas mans pechadas, en catro coas mans abertas, perdoando. Tamén 14 cruceiros aparecen con Cristo inclinando a testa á dereita, e dous con ela cara adiante, erguida. Sinalaremos especialmente que: Dous cruceiros (os de Pereira e Acibeiro) teñen dous dedos (índice e medio) extendidos, elo significa que morre na cruz perdoándonos e bendecíndonos, os demais dedos están flexionados.

REVERSO.—Nesta cara da cruz os cruceiros de Forcarei teñen a imaxe da Virxe María rezando. En catro deles aparece baixo a advocación da Nosa Señora das Angustias, en tres coa imaxe de Cristo morto no seu colo apoiado sobre o brazo dereito, e nunha (Millerada), sobre o brazo esquerdo. En catro deles

aparece a Virxe coa súa coroa e en sete con un ou mais querubíns ós seus pés. Un deles (Soutelo de Montes) ten excepcionalmente a imaxe dun peregrino no reverso en vez da clásica da Virxe.

No anverso do cruceiro de Ventoxo aparece unha imaxe da Virxe que poidera ser a advocación do Carme con mariñeiros ós seus pés, outros dín que se trata da advocación de Santa Bárbara.

Teñen estos cruceiros tamén imaxes diversas mostrando motivos da Paixón como son: Cántaro, martelos, lanzas, cravos, sable, escadas, coroa de espiñas, hisope, columna, espada, tibias en X, mans, flaxelo, cáliz, galo, etc.

INSCRICIONS.—Teñen inscricións mais ou menos visibles, podendo ser ou non de todo interpretadas; catro cruceiros.

REPARTO DA SITUACION XEOGRAFICA:

Dez cruceiros pertenecentes a igrexas ou o seu entorno.

Sete cruceiros situados en encrucilladas ou a beira de camiños.

Dous cruceiros no entorno de capelas.

Dous cruceiros situados en cemiterios.

CARACTERISTICAS PARTICULARES A DESTACAR.—Os cruceiros de Forcarei en liñas xerais seguen a tónica de construcción común ós demais da zona. Poren hai algunhas singularidades dignas de destacar: O cruceiro de Ventoxo, ten no seu reverso unha imaxe pouco común como é a posible figura de Santa Bárbara.

O cruceiro de Soutelo de Montes en vez de te-la clásica imaxe no reverso (a Virxe María) aparece coa dun peregrino co seu báculo, cabaza, etc.

Hai dous cruceiros nos que a imaxe correspondente ás mans cravadas de Cristo na Cruz ofrecen unha característica menos común porque o costume mais extendido e velos coas mans pechadas, abertas, ou dedos semiflexionados agás o índice e o medio, querendo dicir que o Noso Señor morre abenzoándonos e polo tanto dándonos o seu perdón como xa temos comentado. Estos dos cruceiros son os de Acibeiro e Pereira.

RESUME.—Trátase dunha zona cunha proporción de monumentos non moi outa, pero que sobresae pola beleza de moitos dos seus cruceiros en especial o de Acibeiro, pertenecente o Mosteiro do mesmo nome, Ventoxo, Millerada, Soutelo, Quireza, Forcarei, Duas Igrexas, etc., e os mesmos de Pardesoa e Castrelos.

Non atopamos en ningún deles Petos de Animas.

# CRUCEIROS DO CONCELLO DE FORCAREI

| PLATAFORMA DA BASAMENTA: | |
|---|---|
| Con un grao | 3 |
| Con dous graus | 3 |
| Con tres graus | 6 |
| Con catro graus | 2 |
| Con cinco graus | |

| PEDESTAL: | |
|---|---|
| Teñen pedestal | 21 |
| Pedestal cúbico biselado | 19 |
| Pedestal tronco de pirm. cuadrangular | |
| Pedestal cilíndrico | |
| Pedestal cuadrangular | |
| Pedestal octogonal | 2 |

| VARAL: | |
|---|---|
| De sección cuadrangular | 1 |
| De sección cadrada biselada | |
| De sección cilíndrica | 3 |
| De sección circular espiñosa | |
| De sección circular estriada | 3 |
| De sección octogonal | 13 |
| De sección hexagonal | |
| Outras formas | 7 |
| Con imaxes | 6 |

| CAPITEL: | |
|---|---|
| De forma tronco pirm. cuadrang. invertido | 7 |
| De forma cuadrangular | 12 |
| De forma cilíndrica | |
| De forma ovoidal | |
| Sen capitel | |
| Con volutas, etc. | 13 |
| Querubíns nas caras | 8 |
| Querubíns nos ángulos | 1 |

| CRUCIFIXO: | |
|---|---|
| Sección cuadrangular | 4 |
| Sección cuadrangular biselada | 6 |
| Sección circular lisa | 1 |
| Sección circular espiñosa | 4 |
| Sección octogonal | 6 |
| Sección romboidal | |
| Sección en aspa (X) | |

| ANVERSO: | |
|---|---|
| Cristo Crucifixado | 15 |
| Outra imaxe | |
| Cristo con coroa de espiñas | 14 |
| Cristo coa cabeza ergueita | 2 |
| Cristo coa cabeza para a dereita | 7 |
| Cristo coa cabeza para diante | |
| Cristo coa cabeza para a esquerda | |
| Cristo coas mans abertas | 4 |
| Cristo coas mans pechadas | |
| Cristo coas mans medio pechadas | |
| Cristo cos dedos abenzoando | 2 |
| Cristo con inscripción I.N.R.I. | |

| REVERSO: | |
|---|---|
| Virxe pregando ou Doorosa | 9 |
| Nosa Señora das Angurias | 4 |
| Virxe con coroa | 4 |
| Virxe con peaña | 2 |
| Virxe con querubín ós pes | 7 |
| Outras imaxes | 1 |

| CANTIDADE | 20 |
|---|---|
| Con imaxes | 16 |
| Con mesa | 7 |
| Con inscripcions | |

| A SUA SITUACION: | |
|---|---|
| Igrexas | 10 |
| Capelas e ermidas | 2 |
| Cemiterios | 2 |
| Encrucilladas | 7 |
| Montes | |
| De "Via Crucis" | |

| CON SIGNOS DA PAIXON: | |
|---|---|
| Adán | |
| Eva | |
| Caveira | |
| Cáliz | 1 |
| Cántaro | 1 |
| Varal ou columna | 1 |
| Año | 1 |
| Coroa de espiñas | 1 |
| Costelas | 6 |
| Cruz | |
| Serpe | |
| Escada | 2 |
| Espada | 1 |
| Tralla | 1 |
| Galo | 1 |
| "Garita" | |
| Hisope | 1 |
| Lagarto | |
| Lanza | 2 |
| Man | 2 |
| Martelos | 2 |
| Sol | |
| Sable | 1 |
| Sapo | |
| Tanaces | 2 |
| Tibias en cruz | 2 |
| Encordoado | |
| Querubín | |
| "Anfora" | |
| Cravos | |

# REMATES DOS BRAZOS DOS CRUCEIROS



UN





UN

UN





UN





TRES





DOUS



# REMATES DOS BRAZOS DOS CRUCEIROS



# FOTOGRAFIAS E INSCRICIONS







SITUACION: Parroquia ed FORCAREI, nunha praza diante da igrexa do pobo.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Tronco pirámide cuadrangular formado por moitas pedras.

*Pedestal*: Cuadrangular con «gorxa» e unha imaxe en cada esquina.

VARAL: Empeza cadrada, segue redonda estreitándose, con estrías, cara anterior un anxo.

CAPITEL: Cuadrangular con moitos enfeites, con un anxo en cada cara.

CRUCIFIXO: Cilíndrico espiñoso.

*Anverso:* Cristo crucificado, cabeza para dereita, mans pechadas, tres cravos, coroa de espiñas, tivo un anxo recolléndolle o sangue. I.N.R.I.

*Reverso*: Virxe pregando, con dous anxos ós seus pés. Un anxo nos brazos da cruz sosténenlle unha coroa.

ALTURA: Uns seis metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública.







SITUACION: Parroquia de ACIBEIRO, na praza da igrexa e mosteiro.

BASAMENTA:

*Plataforma:* Tres graos cuadrangulares, con unha gran mesa que sae do primeiro e segundo graos.

*Pedestal*: Cuadrangular con fonda «gorxa».

VARAL: Comenza cuadrangular, segue octogonal, para rematar cilíndrica. Na sección octogonal unha imaxe da Virxe amosando a face do «Ecce Homo».

CAPITEL: Tronco de pirámide cuadrangular invertida, abaixo cilíndrico, con moitos enfeites e un anxo en cada face.

CRUCIFIXO: Cruz redonda espiñosa.

*Anverso*: Cristo crucificado, tres cravos, mans medio pechadas, co segundo e terceiro dedos tesos bendecíndonos. Cara para dereita, coroa de espiñas. I.N.R.I. Un anxo recolle nunha copa o sangue de Cristo. Tibias no fondo da caveira.

*Reverso*: Virxe dos Dores, cravada por unha espada, peaña con un anxo. Un anxo a cada lado sosteñen un lenzo cobrindo a cabeza da Virxe.

ALTURA: Máis de seis metros.

INSCRICION: No pedestal:

Este cruce
NO SE CONSTRUYO
SIENDO CURA PARROCO
D. ELIAS FONTE RODRIGUEZ

Por detrás:
AÑO DE
1.893

CONSERVACION: Moi boa.

PROPIEDADE: Da igrexa.







SITUACION: Parroquia de CASTRELOS, xunto a igrexa.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Dous graos.

*Pedestal:* Cuadrangular con «gorxa», diante unha pequena mesa redonda con un só pé.

VARAL: Octogonal, lisa.

CAPITEL: Cuadrangular cun anxo en cada cara.

CRUCIFIXO: Octogonal, liso.

*Anverso*: Cristo crucificado con tres cravos, cabeza para a dereita, mans pechadas, coroa de espiñas.

*Reverso*: Virxe dos Dores, cravada cunha espada.

ALTURA: Uns cinco metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Boa.







SITUACION: Parroquia de DOS IGLESIAS, lugar de Valiñas, no medio dunha praciña.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Unhas pedras irregulares, postas de calquera maneira.

*Pedestal:* Cúbico biselado.

VARAL: Octogonal ,lisa.

CAPITEL: Empeza redondo cilíndrico e segue cuadrangular con enfeites.

CRUCIFIXO: Cuadrangular.

*Anverso:* Imaxe de Cristo crucificado, cabeza para dereita, mans pechadas, coroa de espiñas, tres cravos. I.N.R.I.

*Reverso*: Imaxe da Virxe pregando.

ALTURA: Uns tres metros.

INSCRICION: Non se ollan.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública.







SITUACION: Parroquia de MADANELA, lugar de Soutelo, nunha pequeniña praza, onde a mesma estrada xeral Pontevedra-Ourense.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Dous graos cuadrangulares.

*Pedestal*: Cuadrangular biselado.

VARAL: Cilíndrico con enfeites, como pequeniñas fochancas.

CAPITEL: Empeza redondo e remata cuadrangular con debuxos e un querubín por cara.

CRUCIFIXO: Cadrado, biselado, liso.

*Anverso*: Cristo crucificado, cabeza para diante, mans pechadas, coroa de espiñas, tres cravos, I.N.R.I.

*Reverso*: Imaxe da Virxe pregando sostida par un anxo ós pés.

ALTURA: Máis de cinco metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública. Persoas moi vellas recórdano de sempre. Trasladouse fai uns anos, soamente uns metros para poñelo máis no medio da praciña.







SITUACION: Parroquia de MEAVIA, no adro da igrexa.

BASAMENTA:

*Plataforma:* Catro graos cuadrangulares.

*Pedestal*: Moi grande, cuadrangular con enfeites.

VARAL: Octogonal ,lisa.

CAPITEL: Empeza cilíndrico para seguir cuadrangular con enfeites nos saíntes e un anxo en cada cara.

CRUCIFIXO: Octogonal ,liso.

*Anverso*: Cristo crucificado, cabeza para dereita, mans pechadas, coroa de espiñas, tres cravos.

*Reverso*: Virxe das Angustias. Un anxo ós pés.

ALTURA: Uns sete metros.

INSCRICION: Non se ollan.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública.







SITUACION: Parroquia de MILLERADA. No cemiterio.

BASAMENTA:

*Plataforma:* Un grao cuadrangular.

*Pedestal*: Cuadrangular, grande, estreitado no medio, formando unha mesa na parte de abaixo.

VARAL: Cilíndrica, lisa.

CAPITEL: Tronco de pirámide cuadrangular invertido con enfeites.

CRUCIFIXO: Cilíndrico, espiñoso.

*Anverso*: Cristo crucificado, cabeza lixeiramente para diante, mans medio pechadas, tres cravos, coroa de espiñas. I.N.R.I.

*Reverso*: Virxe Dorosa coa espada cravada.

ALTURA: Uns seis metros.

INSCRICION: Non ten, mais pudo telas no pedestal.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública.







SITUACION: Parroquia de PARDESOA, no rueiro da parroquia.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Tres graos cuadrangulares polo Este e catro polo Oeste.

*Pedestal:* Cuadrangular ou cúbico.

VARAL: Cilíndrica, estriada.

CAPITEL: Tronco de pirámide cuadrangular invertido con enfeites e debuxos.

CRUCIFIXO: Cilíndrico, liso.

*Anverso*: Cristo crucificado coa cabeza cara diante, mans pechadas, coroa de espiñas, tres cravos .I.N.R.I.

*Reverso*: Imaxe da Virxe pregando.

ALTURA: Uns seis metros.

INSCRICION: Non se ollan.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública. Na mesa e costume pousar a caixa co cadavre camiño do cemiterio.







SITUACION: Parroquia de PEREIRA. Nunha encrucillada de camiños a uns 300 m. da igrexa.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Enriba dun penedo con tres graos de plataforma polo Este e un polo Oeste, cuadrangulares.

*Pedestal*: Moi baixiño, cuadrangular.

VARAL: Empeza cuadrangular, segue octogonal e remata tamén. Cara esquerda un anxo.

CAPITEL: Cuadrangular.

CRUCIFIXO: Cuadrangular.

*Anverso*: Cristo crucificado, cara pouco para dereita, mans pechadas, tres cravos, sosttido por unha peaña. Cúbrelle a cabeza un «dosel».

*Reverso:* Imaxe da Nosa Señora das Angustias.

ALTURA: Uns catro metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Mala.

PROPIEDADE: Pública.







SITUACION: Parroquia de QUINTILLAN, preto a igrexa.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Tres graos cuadrangulares, enriba do derradeiro ten unha mesa moi «traballada».

*Pedestal:* Cuadrangular baixo, unha caveira en cada vértice e tibias en X en cada cara.

VARAL: Empeza cuadrada, parecendo un segundo pedestal, con unha concha en cada cara, segue cilíndrica, lisa con signos da Paixón: «garita», sable, tanaza, cravos, isopo, columna, galo, cántaro, man, coroa de espiñas, martelo, tralla, lanza, escaleira, e remata coa face de Cristo. Duas imaxes, S. Francisco, S. ¿Pedro?

CAPITEL: Cuadrangular con moitos enfeites.

CRUCIFIXO: Cadrado, biselado.

*Anverso*: Cristo crucificado, cabeza para dereita, mans abertas, coroa de espiñas. I.N.R.I.

*Reverso*: Imaxe da Nosa Señora das Angustias.

ALTURA: Uns cinco metros.

INSCRICION: Na base da columna ou varal:
AÑO DE ... (ilexible)

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública.





SITUACION: Parroquia de VENTOXO, encrucillada, no medio do lugar, preto da capela de S .Nicolás.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Catro graos cuadrangulares.

*Pedestal*: Cuadrangular biselado.

VARAL: Empeza cuadrangular e segue octogonal, lisa.

CAPITEL: Cuadrangular, anxo en cada cara. tibias en X debaixo da cara anterior.

CRUCIFIXO: Cuadrangular biselado.

*Anverso*: Cristo crucificado (fáltalle o brazo dereito), cabeza para dereita, mans abertas, coroa de espiñas, tres cravos, I.N.R.I. Unha imaxe abraza a perna dereita de Cristo.

*Reverso*: Virxe María con un escapulario en cada man, xente ós seus pés. Nos brazos da cruz a cada lado un anxo sosténdolle a coroa. Poidera ser a imaxe da Virxe do Carme, outros din que é a de Sta. Bárbara.

ALTURA: Uns cinco metros.

INSCRICION: Non se ollan.

CONSERVACION: Mala; fai anos uns mozos bébedos romperonlle un brazo.

PROPIEDADE: Pública.

SITUACION: Parroquia de ACIBEIRO, ó Nor-Este do Mosteiro, achegado ó camiño.

BASAMENTA:

*Plataforma*: De tres graos cuadrangulares.

*Pedestal*: Cúbico, biselado.

VARAL: Varal e cruz dunha peza dun metro e medio de altura máis ou menos, sección cadrada biselada.

CAPITEL: Non ten.

CRUCIFIXO: Cadrado biselado. Non ten imaxes.

ALTURA: Dous metros e medio.

INSCRICION: Polo Sur: SE HIZO EN 1.880

CONSERVACION: Mala.

• •

SITUACION: Parroquia de DOS IGLESIAS, diante da igrexa, nunha praza.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Dous graos cuadrangulares.

*Pedestal*: Octogonal e derriba outro máis pequeno tamén octogonal.

VARAL: Comenza cuadrangular e segue octogonal.

CAPITEL: Cuadrangular, cun anxo en cada ángulo e enfeites en cada cara.

CRUCIFIXO: Cuadrangular biselado.

*Anverso:* Sen imaxe de Cristo crucificado que lle caeu.

*Reverso*: Virxe pregando moi traballada, con moitos enfeites.

ALTURA: Uns sete metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Regular.

PROPIEDADE: Pública. Foi reformado máis dunha vez, a derradeira tirouno un camión, erguendose de novo e cambeando un chisco de sitio.

• •

SITUACION: Parroquia de DOS IGLESIAS, lugar de Quintela. Nunha encrucillada no chamado «campo do cruceiro».

BASAMENTA:

*Plataforma:* Tres graos cuadrangulares, enriba dunhas pedras.

*Pedestal*: Cuadrangular liso con inscrición.

VARAL: Comenza cuadrangular, co enfeito dun cáliz na cara esquerda, segue octogonal, e remata como empezou.

CAPITEL: Cuadrangular con enfeites e un anxo en cada cara.

CRUCIFIXO: Cilíndrico espiñoso.

*Anverso*: Cristo crucificado coa cabeza para dereita, mans pechadas, coroa de espiñas, tres cravos, I.N.R.I. Fáltalle o brazo dereito, apedreado por uns rapaces.

*Reverso:* Imaxe da Virxe pregando, con coroa enriba, ou sostida por unha peaña e un anxo.

ALTURA: Uns sete metros.

INSCRICION: Tena no podestal:

ADVCAON BENI
TO FERNANDEZ
... AÑO
1.863

CONSERVACION: Regular.

PROPIEDADE: Pública.

SITUACION: Parroquia de MADANELA, Soutelo de Montes. Onda a igrexa parroquial.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Unha gran base de pedras angubiadas de un metro de alto máis ou menos.

*Pedestal:* Cuadrangular biselado.

VARAL: Empeza cuadrada e segue octogonal, cunha imaxe de Santiago, sentado.

CAPITEL: Cuadrangular, con ángulos moi saíntes, en moitos enfeites e un «rosetón» en cada cara.

CRUCIFIXO: Cuadrangular biselado.

*Anverso*: Cristo crucificado, cabeza para a dereita, mans pechadas, coroa de espiñas, tres cravos. I.N.R.I.

*Reverso*: Imaxe dun peregrino co Neno Xesús sostido polo brazo esquerdo e na man dereita o báculo coa cabaza.

ALTURA: Uns cinco metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Moi boa.

PROPIEDADE: Da Igrexa.

• •

SITUACION: Parroquia de Millerada, na encrucillada chamada «O cruceiro».

BASAMENTA:

*Plataforma*: Dous graos polo Norte e tres polo Sur, de pedras moi movidas.

*Pedestal*: Cuadrangular, biselado.

VARAL: Empeza e remata cuadrangular sendo o resto octogonal; arriba ten unha estrela de seis puntas en cada cara e imaxes da Paixón: escaleira, lanza, martelo, man, tenaces.

CAPITEL: Tronco de pirámide cuadrangular invertido, con «volutas» nas esquinas e un anxo en cada cara.

CRUCIFIXO: Octogonal.

*Anverso*: Cristo crucificado, cabeza lixeiramente para diante, mans abertas, tres cravos, coroa de espiñas. I.N.R.I.

*Reverso*: Pequena imaxe das Angustias, co Fillo deitado no colo coa cabeza para esquerda.

ALTURA: Uns cinco metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Regular.

PROPIEDADE: Pública.

• •

SITUACION: Parroquia de Quintillán, preto dunha taberna ó Sur do pobo.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Con alguns graos cara ó Norte e un só para o Sur.

*Pedestal*: Cúbico.

VARAL: Octogonal, lisa.

CAPITEL: Tronco de pirámide cuadrangular invertida.

CRUCIFIXO: Octogonal, liso. Non ten imaxes.

ALTURA: 2,5 m. máis ou menos.

INSCRICION: Polo Norte do pedestal, ilexible.

CONSERVACION: Mala.

PROPIEDADE: Coidase que foi traído de Acibeiro, á Caseta e despois a Quintillán.

SITUACION: Parroquia de SANTA MARIA DE PRESQUEIRAS, lugar de Alfonsín. Diante da entrada da igrexa.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Unha basamenta redonda.

*Pedestal:* Octogonal, biselado.

VARAL: Octogonal ata máis da metade, despois segue con estrías, dous corazóns cravados por unha espada.

CAPITEL: Empeza cilíndrico e segue cuadrangular con debuxos.

CRUCIFIXO: Cuadrangular liso.

*Anverso*: Cristo crucificado, cabeza para dereita, mans abertas, coroa de espiñas, tres cravos, I.N.R.I.

*Reverso*: Imaxe da Virxe pregando.

ALTURA: Uns cinco metros.

INSCRICION: Non se ollan.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública. Polo cemento que ten na basamenta semella que foi trasladado recentemente.

SITUACION: Parroquia de SAN MIGUEL DE PRESQUEIRAS, lugar de O Castro. Defrente da capela da Nosa Señora dos Remedios.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Un grao, case que enterrado.

*Pedestal*: Pequeno, cuadrangular.

VARAL: Octogonal, lisa.

CAPITEL: Empeza cilíndrico e segue en forma de pirámide cuadrangular invertida.

CRUCIFIXO: Cruz de sección cuadrangular lisa. Non ten imaxes.

ALTURA: Uns tres metros.

INSCRICION: Non se ollan.

CONSERVACION: Regular.

PROPIEDADE: Pública.

SITUACION: Parroquia de SAN MIGUEL DE PRESQUEIRAS, no cemiterio.

BASAMENTA:

*Plataforma*: Soamente unha pedra a rente do chan.

*Pedestal:* Cúbico

VARAL: Cilíndrica, lisa.

CAPITEL: Cilíndrico e segue cuadrangular.

CRUCIFIXO: Rectangular. Non ten imaxes.

ALTURA: Uns tres metros.

INSCRICION: Non ten.

CONSERVACION: Boa.

PROPIEDADE: Pública. Pola cara Este ten unha mesa de pedra.